



**Resolución de 24.03.2015, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se modifica (por modificación substancial) e refunde o texto da autorización ambiental integrada, do centro de tratamento de residuos As Somozas que SOMOZAS VALORIZACIÓN DE LODOS – BIOGÁS. SL (Sologas) posúe no concello das Somozas (A Coruña). (Nº de rexistro AAI: 2012-IPPC-35-260).**

### Antecedentes de feito

**Primeiro.-** O 18.06.2013 outorgouse a autorización ambiental integrada a SOMOZAS VALORIZACIÓN DE LODOS - BIOGÁS SL, SOLOGAS, para o centro de tratamento de residuos de referencia. Esta autorización non foi modificada ata a data.

**Segundo.-** Os días 13.01.2014 e 17.07.2014 recíbense por parte do titular sendas comunicacións sobre a súa pretensión de levar a cabo modificacións da instalación.

As modificacións consistirán basicamente no aumento da superficie, capacidade e sistema de explotación da planta de compostaxe, na eliminación da planta de clasificación de residuos, a diminución da capacidade de tratamento da EDARi e a modificación do punto de vertido.

**Terceiro.-** A modificación da instalación pretendida consistente no aumento da superficie, capacidade e sistema de explotación da planta de compostaxe considérase modificación substancial debido a que en condicións normais de funcionamento, se pretende introducir un cambio non previsto na autorización ambiental integrada orixinalmente outorgada, que afecte ás características, aos procesos produtivos, ao funcionamento ou á extensión da instalación, que represente unha maior incidencia sobre a seguridade, a saúde das persoas e o medio ambiente, e concorre, que acontece un incremento superior ao 50% da capacidade de produción da instalación en unidades de produto ou servizo.

**Cuarto.-** O 06.08.2014 publicouse no Diario Oficial de Galicia (nº 148) o anuncio polo que se sometía a información pública a modificación substancial aos efectos previstos no artigo 15.5 do Real Decreto 815/2013, do 14 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e o desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación. Non consta no expediente a presentación de alegacións.

**Quinto.-** Atendendo ao/s requirimentos da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de mellora de documentación e de aclaracións respecto de modificación do punto de vertido, sistema de tratamento da EDARi, plan de explotación e capacidades da planta de compostaxe e sobre materia de emisións á atmosfera e calidade do aire, o titular presentou mellora da documentación nas seguintes datas: 13.10.2014, 31.10.2014, 24.11.2014, 17.12.2014, 04.02.2015, 06.02.2015, 26.02.2015 e 02.03.2015.

**Sexto.-** De conformidade co artigo 15.6 do Real Decreto 815/2013, do 14 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e o desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación durante a tramitación solicitouse informe a outros órganos e Administracións públicas afectadas. A relación de consultados e informes recibidos refírese na seguinte táboa:

Relación de consultados	Recepción
Augas de Galicia	Sí

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.



Relación de consultados	Recepción
Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia	Sí
Concello das Somozas	Sí

**Sétimo.-** Dende a data de outorgamento da autorización ambiental integrada a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental non inspeccionou a instalación ao non estar esta instalación aínda en funcionamento.

**Oitavo.-** De conformidade co disposto no artigo 15.7 do Real Decreto 815/2013, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, o 11.03.2015, realizouse o trámite de audiencia ao solicitante dándolle traslado da proposta de resolución da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental. Durante este trámite o titular considerou non presentar alegacións.

### Fundamentos de dereito

**Primeiro.-** A instalación está incluída no anexo I, categorías 5.1.a) e b), e categoría 5.4.a) da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

**Segundo.-** De acordo co artigo 14.1 do Real Decreto 815/2013, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, considerarase que se produce unha modificación substancial na instalación, cando en condicións normais de funcionamento, se pretenda introducir un cambio non previsto na autorización ambiental integrada orixinalmente outorgada, que afecte ás características, aos procesos produtivos, ao funcionamento ou á extensión da instalación, que represente unha maior incidencia sobre a seguridade, a saúde das persoas e o medio ambiente, e concorra, que aconteza, entre outros criterios, un incremento superior ao 50% da capacidade de produción da instalación en unidades de produto ou servizo.

**Terceiro.-** Segundo o artigo 27.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, quedan sometidas ao réxime de autorización polo órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde están situadas, as instalacións onde vaian desenvolverse operacións de tratamento de residuos, incluído o almacenamento no ámbito de recollida en espera de tratamento, así como a ampliación, modificación substancial ou traslado da dita instalación.

**Cuarto.-** A instalación entra dentro do ámbito de aplicación do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados. Conforme ao estipulado no seu artigo 7, se á vista do informe preliminar de situación non existen indicios de contaminación dos solos, debe ditarse resolución expresa aprobándoo.

**Quinto.-** De acordo co Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é órgano competente na Comunidade Autónoma de Galicia para para a tramitación e seguimento das autorizacións ambientais integradas e para a tramitación dos procedementos sometidos á lexislación sobre solos potencialmente contaminados.



Con base na proposta da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental e unha vez finalizada a instrución do procedemento respecto da solicitude presentada por Somozas Valorización de Lodos – Biogás SL (SOLOGAS):

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Modificar a autorización ambiental integrada outorgada a Somozas Valorización de Lodos-Biogás SL (SOLOGAS) para o Centro de tratamento de residuos no Monte Marbán do Concello das Somozas (A Coruña), por modificación substancial da instalación, quedando esta redactada como se recolle no Anexo A desta resolución.

**Segundo.-** Refundir o texto da autorización ambiental integrada outorgada a Somozas Valorización de Lodos-Biogás SL (SOLOGAS) para a instalación de referencia, incluíndo nel as modificacións e actualización realizadas, quedando esta como se recolle no Anexo A desta resolución. Segue correspondendo a esta instalación o número de rexistro 2012-IPPC-35-260.

**Terceiro.-** Inscribir no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, a SOLOGAS como xestor de residuos cos números de rexistro e actividades que se detallan a continuación:

- **Xestor de residuos non perigosos de orixe industrial** na actividade de **valorización** consistente:

- Na valorización de residuos mediante o tratamento de augas residuais na estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización, co número de rexistro **SC-I-IPPC-XV-00027** segundo o indicado no punto 5.2 do anexo IV da presente resolución.
- Na valorización de residuos mediante a elaboración de solos artificiais, co número de rexistro **SC-I-IPPC-XV-00031** segundo o indicado no punto 5.2 do anexo IV da presente resolución.
- Na valorización de residuos mediante a actividade de compostaxe, co número de rexistro **SC-I-IPPC-XV-00030** segundo o indicado no punto 5.2 do anexo IV da presente resolución.

- **Xestor de residuos non perigosos de orixe urbana** na actividade de **valorización** consistente:

- Na valorización de residuos mediante o tratamento de augas residuais na estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización, co número de rexistro **SC-U-IPPC-XV-00023** segundo o indicado no punto 5.2 do anexo IV da presente resolución.
- Na valorización de residuos mediante a elaboración de solos artificiais, co número de rexistro **SC-U-IPPC-XV-00120** segundo o indicado no punto 5.2 do anexo IV da presente resolución.
- Na valorización de residuos mediante a actividade de compostaxe, co número de rexistro **SC-U-IPPC-XV-00025** segundo o indicado no punto 5.2 do anexo IV da presente resolución.

- **Xestor de residuos perigosos** na actividade de **valorización** consistente:

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.



- Na valorización de residuos mediante o tratamento de augas residuais na estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización, co número de rexistro **SC-RP-IPPC-XV-00018** segundo o indicado no punto 5.2 do anexo IV da presente resolución.

Estas inscricións quedan supeditadas á constitución das fianzas e seguros relacionados no punto 3 do anexo I desta resolución e á verificación mediante inspección do emprazamento e instalacións para poder exercer as actividades autorizadas.

**Cuarto.-** Establecer a obriga de que o titular presente, previo ao inicio da actividade das novas instalacións, unha declaración responsable, de conformidade co artigo 71 bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicando o cumprimento das condicións establecidas nesta autorización. Esta declaración acompañarase do certificado do técnico director da obra que acredite que esta foi executada conforme ao proxecto e dos certificados de aceptación definitivos dos residuos resultantes do proceso e/ou os clientes aos que se van a destinar os produtos obtidos.

**Quinto.-** Establecer a obriga de que o titular dea cumprimento ao Real Decreto 508/2007, de 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas, comunicando a información requirida anualmente ao rexistro galego PRTR de emisións (REGADE Sección PRTR).

**Sexto.-** Establecer a obriga de que o titular comunique a esta Secretaría Xeral calquera modificación que se pretenda levar a cabo na instalación, indicando razoadamente, en atención aos criterios sinalados no artigo 10 da Lei 16/2002, se considera que se trata dunha modificación substancial ou non substancial, acompañándose dos documentos xustificativos oportunos.

**Sétimo.-** Establecer a obriga de que o cambio de titularidade sexa comunicado a esta Secretaría Xeral, debendo presentarse a documentación acreditativa.

**Oitavo.-** Establecer a obriga de que o titular presente un informe de situación dos solos (IS) co contido mínimo establecido no artigo 5 do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, no prazo máximo de 5 anos a contar desde o día seguinte ao de recepción desta resolución, así como con carácter previo á modificación da situación inicial, nos supostos de modificación substancial, peche definitivo ou transmisión de titularidade da actividade.

As condicións desta autorización revisaranse nun prazo de catro (4) anos a partir da publicación das conclusións relativas ás Melloras Técnicas Dispoñibles (MTD), en canto á principal actividade da instalación, e no seu defecto cando os avances nas mellores técnicas dispoñibles permitan unha redución significativa das emisións, salvo que se produzan antes do prazo indicado modificacións substanciais que obriguen á tramitación correspondente ou que se incorra nalgún dos supostos de revisión recollidos no artigo 25 da Lei 16/2002, de 1 de xullo.

O incumprimento das condicións recollidas nesta resolución suporá a adopción das medidas de disciplina ambiental recollidas no Título IV da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial, que seguirá sendo aplicable.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2015

A xefa do Servizo de Prevención e Control  
Integrados da Contaminación

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

María Diéguez Gómez

Carlos Calzadilla Bouzón

Resolvo:

O Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Justo de Benito Basanta

\_\_\_\_\_

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.  
Páxina 5





## Anexo A: TEXTO REFUNDIDO DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA

### Anexo I: datos do titular e do expediente

#### 1. Datos do titular:

**Razón social:** Somozas Valorización de Lodos-Biogás S.L. (SOLOGAS).

**CIF:** B-70310008

**Dirección domicilio social:** Avda. Vicente Risco Esq. Otero Pedrayo s/n. Centro Neg. Arena, 76.

**Poboación:** Narón.

**Código postal:** 15570.

**Provincia:** A Coruña.

#### 2. Datos da instalación:

**Actividade:** Centro de tratamento de residuos.

**Localización:** Marbán-Seixas.

**Poboación:** As Somozas.

**Código postal:** 15567.

**Provincia:** A Coruña.

**Coordenadas xeográficas e UTM indicativas da localización das instalacións:**

Coordenadas Xeográficas		Coordenadas UTM (Datum ED50-Fuso 29)	
Latitude	Lonxitude	X	Y
43° 32' 56''	7° 53' 10''	589.990	4.822.350

**Sector de actividade:** tratamento e eliminación de residuos non perigosos e perigosos, e recollida e tratamento de augas residuais.

**CNAE:** 3821 (Tratamento e eliminación de residuos non perigosos), 3822 (Tratamento e eliminación de residuos perigosos) e 3700 (Recollida e tratamento de augas residuais).

#### 3. Seguros e fianzas:

##### 3.1 Fianzas.

Tendo en conta a Orde do 16 de xaneiro do 2007, polo que se fixan os criterios de cálculo para a determinación da fianza nas actividades determinadas no Decreto 174/2005, o titular constituíu una fianza pola contía de **147.475 (cento corenta e sete mil catrocentos setenta e cinco) euros** que cubre a actividade de xestión de valorización de residuos non perigosos para a planta de compostaxe.

Do mesmo xeito, e previo ao comezo da actividade de xestión de valorización de residuos para a estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización (EDARi), ese titular deberá constituír, segundo a actividade a desenvolver e tipoloxía de residuos a xestionar, as seguintes fianzas:

- Fianza pola contía de **242.739 (douscentos corenta e dous mil setecentos trinta e nove) euros** que cubra a actividade de xestión de valorización de residuos non perigosos para a planta de compostaxe e estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización e motor de coxeración (EDARi).

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).

Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.

Páxina 6



- Fianza pola contía de **242.367 (douscentos corenta e dous mil trescentos sesenta e sete) euros** que cubra a actividade de xestión de valorización de residuos perigosos para a planta de compostaxe e estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización e motor de coxeración (EDARi).

### 3.2 Seguro de responsabilidade civil.

O titular debe presentar orixinal ou copia compulsada da póliza do seguro de responsabilidade civil que cubra o risco de indemnización polos posibles danos causados a terceiras persoas ou ás súas cousas, derivado do exercicio das actividades obxecto das autorizacións administrativas solicitadas, segundo os termos establecidos no artigo 15 do Decreto 174/2005, do 9 de xuño. En todo caso, o seguro debe cubrir:

- As indemnizacións debidas por morte, lesións ou enfermidades das persoas.
- As indemnizacións debidas por danos ás cousas.
- Os custos de reparación e recuperación do ambiente alterado.

### 4. Datos de interese:

**Categoría IPPC:** anexo I, epígrafes 5.1 e 5.4.

**Real Decreto 1254/1999, de 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas:** a instalación non se atopa dentro do ámbito de aplicación desta norma.

**Regulamento (CE) nº 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006 (REACH):** a instalación emprega substancias afectadas como usuario intermedio.



## Anexo II: descripción da instalación

---

### 1. Localización e acceso ás instalacións

As instalacións obxecto desta autorización localízanse en Marbán-Seixas, no termo municipal das Somozas (A Coruña).

O acceso realizarase pola estrada existente DP-7010 en dirección a As Pontes de García Rodríguez. A esta estrada pódese chegar desde A Igrexa, ou ben pola estrada de acceso ao parque empresarial ou ben hacia o sur pola estrada AC-110.

### 2. Descrición xeral das instalacións

O centro de tratamento de residuos compoñeráse dos seguintes elementos:

- Estación depuradora de augas residuais industriais (EDARi)
- Módulo de biometanización (biodixestor)
- Planta de compostaxe e de elaboración de solos artificiais

### 3. Descrición en detalle das instalacións

#### 3.1. Control de entrada e viais

Á entrada da planta disporáse dunha báscula ponte con plataforma para pesaxe de camións coas seguintes características:

- Capacidade: 60 t.
- Dimensións plataforma: 14\*3 m.

#### 3.2. Estación depuradora de augas residuais industriais (EDARi)

Os elementos da EDARi a executar, pódense agrupar nas seguintes liñas de tratamento:

- Liña de auga:
  - Pozo de grosos de 30 m<sup>3</sup> dotado de reixa motorizada de 25 mm de luz de paso, e by-pass ao pozo de bombeo cara os tanques de almacenamento.
  - Pretratamento deseñado para un caudal de 100 m<sup>3</sup>/h e constituído por:
    - Canle de pretratamento de 100 m<sup>3</sup>/h de capacidade e 0,7 x 0,5 m<sup>2</sup> de sección cunha pendente do 0,5%, dotada de dilacerador de 50 m<sup>3</sup>/h de capacidade e tamiz en escaleira de 2 mm de luz de malla.
    - Desareador-desengraxador rectangular aireado, de fluxo en espiral, de 2,7 m de anchura, incluíndo 0,9 m de zona de desengraxado, 8 m de lonxitude e unha lámina de auga de 3 m, cun volume unitario de 51,2 m<sup>3</sup>; dotado de bomba de extracción de areas cara lavador de areas de tipo parafuso; e de rasqueta de recollida de flotantes cara parafuso de Arquímedes.

En función das necesidades, o efluente do pretratamento canalízase cara algún dos seguintes pozos de bombeo, cada un deles de 20 m<sup>3</sup> de volume:

- Pozo de bombeo aos tanques de almacenamento e homoxeneización, que recibe ademais o by-pass do pozo de grosos de entrada.

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.





- Pozo de bombeo á arqueta de reparto da decantación primaria, ao que tamén se pode conducir o efluente dos tanques de almacenamento e homoxeneización, en función das necesidades de tratamento.
- Pozo de bombeo ao tratamento físico-químico, ao que tamén se pode conducir o efluente dos tanques de almacenamento e homoxeneización, en función das necesidades de tratamento.
- Pozo de bombeo ao espesador estático (pertencente á liña de lodos), ao que tamén se pode conducir o efluente dos tanques de almacenamento e homoxeneización, en función das necesidades de tratamento.
- Almacenamento e homoxeneización nos seguintes dispositivos (todos eles dispostos en paralelo):
  - 10 tanques de almacenamento de xeometría troncocónica e dotados de axitación, catro deles de 150 m<sup>3</sup> de capacidade (5 x 5 m<sup>2</sup> e 7 m de altura) e os seis restantes de 40 m<sup>3</sup> (2,5 x 2,5 m<sup>2</sup> e 6,4 m de altura), estes últimos destinados ao almacenamento dos residuos potencialmente perigosos.
  - 2 tanques de homoxeneización de xeometría rectangular cada un deles de 500 m<sup>3</sup> de volume útil (10 x 10 m<sup>2</sup> e 5 m de altura), dotados de axitación, con posibilidade de dosificar hidróxido sódico ou ácido clorhídrico, en función das necesidades.

A evacuación dos tanques de almacenamento e homoxeneización realízase por gravidade cara o pozo de bombeo a decantación primaria, cara o pozo de bombeo a tratamento físico-químico ou cara o pozo de bombeo ao espesador estático, en función das necesidades de tratamento.

Asemade, dispónse de culler bivalva de 100 L de capacidade.

- Decantación primaria, deseñada para un caudal de 100 m<sup>3</sup>/h, que entra en funcionamento no caso de vertidos con elevadas cantidades de sólidos en suspensión ou ben para asumir cargas puntuais elevadas de augas residuais pluviais; e que está constituída polos seguintes elementos:
  - Arqueta de reparto, dotada de *by-pass* cara a arqueta de entrada ao biolóxico.
  - 2 decantadores primarios de 10,5 m de diámetro e 3 m de calado na vertical do vertedoiro, dotados de ponte móbil e rasquetas articuladas; así como de condución de baleirado por gravidade.

O efluente da decantación primaria é enviado ou ben á arqueta de entrada ao biolóxico (en horario laboral) ou ben á decantación secundaria (caso do tratamento de augas residuais pluviais en horario non laboral).

Os sobrenadantes da decantación primaria son enviados á liña de pretratamento para a súa retirada no desengraxador.

Os lodos primarios son enviados ao pozo de bombeo de lodos primarios localizado na arqueta de lodos mixtos, para o seu envío ao espesador por gravidade.

- Tratamento físico-químico, deseñado para un caudal de 50 m<sup>3</sup>/h, e constituído por:
  - Sistema físico-químico de tres cámaras: a primeira, de 4 m<sup>3</sup>, dotada de axitación intensa, na que se realiza unha regulación inicial de pH mediante adición de ácido mineral e coagulante inorgánico; a segunda, de 4 m<sup>3</sup>,



tamén dotada de axitación intensa, na que se regula o pH ao valor óptimo do coagulante por adición dunha base; e a terceira, de 10 m<sup>3</sup>, dotada de axitación de menor intensidade, na que se produce a floculación por adición de polielectrolito aniónico.

- Sistema de flotación por aire disolvido (DAF) de 2 x 5 m<sup>2</sup> de superficie e 2,5 m de altura.

O efluente do tratamento físico-químico derívase á entrada do tratamento biolóxico, á decantación secundaria ou devólvese á cabeceira de planta, en función das necesidades.

Os lodos do tratamento físico-químico son enviados ao pozo de lodos físico-químicos localizado na arqueta de lodos mixtos, para o seu envío ao espesador por gravidade.

- Tratamento biolóxico de 100 m<sup>3</sup>/h de capacidade, constituído por:
  - Arqueta de reparto a tratamento biolóxico, que recibe o efluente do tratamento físico-químico, dos tanques de homoxeneización, ou da decantación primaria, así como do espesador por gravidade pertencente á liña de lodos, no caso de que se precise para o mantemento do cultivo do reactor, e do destilado da planta de evaporación. Esta arqueta ademais, está dotada de by-pass cara a decantación secundaria.
  - 2 reactores biolóxicos tipo carrusel con nitrificación-desnitrificación e eliminación de fósforo por vía biolóxica, executados en formigón armado e cun volume unitario de 2.400 m<sup>3</sup>, que contan con dúas zonas anóxicas e catro zonas óxicas, se ben a primeira das zonas óxicas pode actuar como facultativa. Nas zonas anóxicas (situadas nas zonas curvas e que supoñen en conxunto un 40% do volume total de cada reactor) disporanse axitadores somerxibles e as zonas óxicas dotaranse de aireación mediante tres soplantes e grellas de difusores elevables cun total de 210 difusores de membrana por unidade. A recirculación aos reactores biolóxicos dende o pozo de bombeo de lodos secundarios introdúcese na primeira etapa óxica.

O efluente dos reactores biolóxicos condúcese á arqueta de reparto aos decantadores secundarios.

- Decantación secundaria, deseñada para un caudal total de 100 m<sup>3</sup>/h, constituída polos seguintes elementos:
  - Cámara de reparto e recollida aos decantadores secundarios, que recibe, ademais do efluente dos reactores biolóxicos, o *by-pass* deste, así como o efluente do tratamento físico-químico e o efluente da decantación primaria.
  - 2 decantadores secundarios con ponte diametral móbil, de 14 m de diámetro e 3,5 m de calado na vertical do vertedoiro, cunha capacidade unitaria de 50 m<sup>3</sup>/h.

O efluente dos decantadores derívase á arqueta de reparto do tratamento terciario.

Os lodos secundarios condúcense ao pozo de bombeo de lodos secundarios localizado na arqueta de lodos mixtos, para a súa recirculación ao reactor biolóxico ou ben para a súa purga cara o espesador por gravidade.



Os sobrenadantes da decantación secundaria son enviados á liña de pretratamento para a súa retirada no desengraxador.

- Tratamento terciario:
  - Planta de ozonización e ultrasons cunha capacidade de tratamento de 75 m<sup>3</sup>/h. A inxección do ozono realízase mediante axitadores de alta eficiencia.
  - Labirinto polo que se fai circular o efluente para que actúe o ozono inxectado antes do seu vertido.
- Liña de lodos:
  - Espesador por gravidade mediante rasquetas de 8 m de diámetro e 4,5 m de profundidade, ao que se derivan os lodos bombeados dende a arqueta de lodos mixtos, o efluente do pozo de bombeo ao espesador e os lixiviados procedentes do depósito de lixiviados do proceso de compostaxe. Os sobrenadantes do espesador por gravidade son enviados á arqueta de sobrenadantes, dotada de axitación, onde conflúen cos sobrenadantes dos decantadores primarios e secundarios, para o seu bombeo á cabeceira da planta. Os lodos espesados son bombeados ao espesador dinámico, se ben existe a posibilidade de conducirlos á entrada do reactor biolóxico.
  - Espesador dinámico tipo tambor rotativo con dosificación de polielectrolito.
  - Arqueta de lodos espesados e bombeo a dixestión ou á arqueta de lodos dixeridos (*by-pass* da dixestión).
  - 2 dixestores anaerobios, de 12 m de diámetro e 9 m de altura cada un deles, dispostos en paralelo, con dosificación de leiteada de cal (para o axuste do pH) e cloruro férrico (para a eliminación de ácido sulfhídrico no biogás) á entrada e queamento mediante recirculación. Asemade, aplicaranse ultrasóns para incrementar a produción de biogás.
  - Arqueta de lodos dixeridos de 30 m<sup>3</sup>.
  - Deshidratación en centrífuga de 15 m<sup>3</sup>/h de capacidade máxima, con dosificación de polielectrolito.
  - Secado de lodos mediante microondas en forno de 6,2 x 1,5 x 2,2 m<sup>3</sup> dividido en 3 seccións.
  - Silo de almacenamento de lodos.
- Liña de biogás:
  - Gasómetro de membrana de baixa presión de 7 m de diámetro e 180 m<sup>3</sup> de volume.
  - Antorcha de 60 m<sup>3</sup>N/h de capacidade.
- Planta de evaporación de triplo efecto con circulación forzada: As instalacións contan tamén cunha **planta de evaporación de triplo efecto con circulación forzada**, para o tratamento dalgúns tipos de residuos líquidos recibidos nas instalacións. A devandita planta de evaporación, de 5 m<sup>3</sup>/h de capacidade, está constituída polos seguintes elementos:
  - Tratamento físico-químico de 10 m<sup>3</sup>/h de capacidade, suficiente para o caudal previsto en evaporación así como para outros residuos líquidos da planta que precisen este tratamento previo; constituído por:
    - Almacenamento e bombeo de residuos líquidos en depósito de 100 m<sup>3</sup> de capacidade.
    - Dosificación de antiescumante.



- Módulos de coagulación, adición e reacción, dotados de axitación e control de pH.
  - Módulo de floculación, dotado de axitación.
  - Decantador lamelar.
  - Espesador de lodos cilíndrico vertical de fondo cónico, de 4 m<sup>3</sup> de volume.
  - Filtro prensa con paquete filtrante de 14,8 m<sup>2</sup> de superficie total.
  - Axuste de pH en depósito en PRFV de 3 m<sup>3</sup>, dotado de axitación e controlador de pH.
  - Almacenamento e bombeo de auga pretratada a evaporar, en depósito en PRFV de 60 m<sup>3</sup> de capacidade.
  - Dosificación de coagulante, precipitante, sosa, polielectrolito e ácido.
- Evaporación ao baleiro en equipo de triplo efecto de 5 m<sup>3</sup>/h de capacidade nominal, mediante os seguintes dispositivos:
- Dosificación de antiescumante.
  - Equipo de evaporación ao baleiro de triplo efecto coas seguintes características: 1º efecto de 11 m<sup>3</sup> de volume e 90°C de temperatura de traballo; 2º efecto de 11 m<sup>3</sup> de volume e 75°C de temperatura de traballo; 3º efecto de 15 m<sup>3</sup> de volume e 60°C de temperatura de traballo.
  - Depósito de almacenamento de concentrado de 100 m<sup>3</sup> en PRFV, dende o cal o concentrado do proceso de evaporación se alimenta ao sistema de inertización ou se envía a xestor.
  - Depósito de almacenamento de destilado de 20 m<sup>3</sup> en PRFV. O destilado reutilízase parcialmente no proceso físico-químico ou de evaporación (formulación de reactivos, solucións de limpeza...) enviándose o excedente á arqueta de reparto aos reactores biolóxicos da depuradora de augas residuais das instalacións.

### 3.3. Módulo de biometanización (biodixestor)

O influente a codixestión pode pasar directamente a un tanque soterrado de 200 m<sup>3</sup> para residuos líquidos xunto aos dixestores ou tratarse no edificio industrial para a súa pasteurización en función da súa natureza. O residuo líquido pasteurizado descarga sobre o tanque do residuo líquido para a alimentación dos dixestores.

O biogás xerado é aproveitado na caldeira para quentar auga que a través dun intercambiador de calor, quenta a lama. O biogás é almacenado en gasómetros de dobre membrana sobre os propios dixestores, antes de ser queimado, sométese a un proceso de secado. A calidade do gas contrólase coa inxección de osíxeno e dosificación de cloruro férrico nos propios dixestores, así como coa propia alimentación do sistema. O gas non aproveitado na caldeira queimase nunha antorcha.

### 3.4. Planta de compostaxe

Os elementos da planta de compostaxe executados son os seguintes:

- **Nave de proceso:** Trátase dunha estrutura en planta de 64,6\*70 m<sup>2</sup> de superficie en planta e a solera conformarase mediante unha capa de formigón HA-30/B/20/IV de espesor variable sobre a que se presentan tubos de aireación e drenaxe cunha pendente transversal do 1%. Nos tubos colocanse as boquillas ou spigots polas que sae o aire ou entra o lixiviado e se formigona o conxunto para formar a solera dos canais.



- Nave de afino: É contigua á nave de proceso e a súa tipoloxía é similar á de proceso pero cunha ocupación en planta de 50\*64,6 m<sup>2</sup>. Esta nave serve para albergar o proceso de maduración, cribado e almacenamento de compost.
- Tinglados de acopio de lamias e material estruturante: Trátase dunha nave adosada á de proceso e dividida en catro estancias, tres delas conteñen material vexetal en distintas presentación (material recuperado do proceso mediante cribado, material vexetal en bruto, e restos xa triturados. O último dos compartimentos almacenará lamias e estará impermeabilizado con lámina PEAD de 2 mm termosoldada entre dos xeotextís de 200g/m<sup>2</sup>. A estrutura é similar á das naves de proceso e afino. Os recintos estarán pechados perimetralmente por tres das súas catro caras para impedir o derramo e a perda de material por acción do vento e optimizar o almacenamento, permitindo apilar material a granel contra os muros. Cada un dos módulos será diáfano, permitindo o paso de maquinaria de movemento do material. A solera será de 0,20 m de pavimento continuo de formigón armado HA-25/B/20/IIa sobre 0,20 m de ZA-40.
- Rede de drenaxe de lixiviados: Esta rede recollerá a escorrega do compost en formación a través dos tubos empregados como soplantes, embebidos na solera dos canais. Cada grupo de 6 canais conta cun colector lonxitudinal que transporta os lixiviados ata o depósito correspondente; dispórase dun depósito independente no caso dos lixiviados procedentes de lamias regadas con SANDACH.  
Ditos depósitos para almacenaxe dos lixiviados, auga cunha alta carga orgánica procedente da propia humidade do material que se desprende durante a fermentación, son de formigón armado HA-3/B/20/IV de 75 m<sup>3</sup>.  
O destino dos lixiviados será a recirculación no proceso de compostaxe regando as pilas ou a codigestión na EDARi.
- Outros elementos:
  - Rede de pluviais
  - Depósito de pluviais
  - Rede de auga industrial

### 3.5. Edificio de control.

O edificio de control sitúase á entrada da planta e desde este monitorizaranse e controlarán os diferentes procesos da EDARi, a planta de compostaxe e instalación comúns.

Este edificio ocupa unha superficie en planta de 258,18 m<sup>2</sup>, centraliza a actividade administrativa e despachos de dirección e nel se aloxaran dependencias como unha sala de xuntas, unha zona para o descanso do persoal e un laboratorio.

### 3.6. Subministración eléctrica, centro de transformación, grupo electrógeno e iluminación.

- Subministración eléctrica e centro de transformación: No ámbito de actuación atópase unha liña eléctrica aérea de alta tensión de 20 KV polo que trazarase unha liña soterrada ata o centro de seccionamento. Instalaranse dous transformadores de 630 KVA de potencia.
- Cadros de forza e alumeados: Prevense sete cadros eléctricos para albergar proteccións e accionamentos necesarios, para alimentar o sistema de alumeados tanto externo como interno e as tomas de corrente (trifásicas e monofásicas), que estarán distribuídas en cada un dos edificios da planta.



- SAIs: Instalaranse tres sistemas de alimentación ininterrumpida coa fin de dar servizo a toda a automatización do proceso.

### 3.7. Rede de pluviais.

Instalarase un sistema de xestión de augas pluviais considerando o seguinte:

- Augas caídas sobre a cuberta dos edificios: tratarase de augas limpas polo que trala súa captación serán conducidas directamente ata o punto de vertido sen tratamento previo. Co obxecto de aproveitar parte deste auga como auga de rego ou de proceso no interior da instalación, disporase un depósito de 150 m<sup>3</sup> no que se almacenará auga caída sobre a cuberta dos edificios segundo a capacidade do antedito depósito.
- Augas caídas sobre os viais e resto de superficies: tratarase de augas pluviais que pueden contaminarse polo arrastre de materiais, polo que serán captadas mediante a rede de embornais e colectores da planta e conducidas a un depósito de 790 m<sup>3</sup> no que se almacenan, e dende o que se bombean (en período non laboral) cara a depuradora de augas residuais das instalacións para o seu tratamento, dirixíndose á entrada do pretratamento ou a decantación primaria. Unha vez tratadas, estas augas poderán ser vertidas a medio receptor ou reutilizadas na propia instalación.

### 3.8. Rede de servicios.

- Abastecimento de auga potable: A subministración de auga potable ás instalacións realizarase mediante o almacenamento desta auga procedente da rede de abastecemento do concello, nun depósito de abastecemento soterrado cunha capacidade de 6 m<sup>3</sup>. O tempo de almacenamento da auga potable non superará os límites establecidos coa fin de garantir a súa potabilidade.
- Rede de auga industrial: Disporase unha rede en malla, formando un único circuito pechado, de xeito que cada ramal poida abastecerse por máis dun punto (salvo o tramo entre o punto de subministración e a malla), e non existan puntas de rede onde exista pouca circulación de auga. As conducións instalaranse preferentemente baixo zonas axardinadas ou zonas peonís.
- Rede de subministración de gas: No entorno de actuación non existe rede de subministración de gas.
- Rede de telecomunicacións: No entorno de actuación non existe rede de telecomunicacións.

### 3.9. Urbanización.

- Cerramento e valado: O peche da parcela realizarase mediante enreixado galvanizado de simple torsión de 1,8 m de altura, sobre zócalo de fábrica de ladrillo de 40 cm de altura recibidos sobre zapata corrida de formigón, malla de 40\*40 mm e postes de tubo de aceiro galvanizado cada 2 m. Na entrada disporase dunha porta metálica de acceso para paso de vehículos, motorizada e con automatismo de apertura centralizado.
- Viarío: A circulación de vehículos disporase mediante dous sentidos de circulación con carrís de 4 m de largo.
- Firmes e pavimentos:
  - Firmes vial de acceso exterior (DP-7010): categoría de tráfico 31; vial formado por 16 cm de mestura bituminosa e 40 cm de zahorra artificial.
  - Firmes viais interiores: categoría de tráfico 31; vial formado por 20 cm de formigón firme e 30 cm de zahorra artificial.



#### 4. Materias primas.

Materias primas		Sistema de almacenamento/Consumo previsto	Planta de consumo
<b>Reactivos</b>			
1	Hidróxido de sodio	Depósito de 5.000 l	Instalación EDARi
2	Ácido sulfúrico	Depósito de 5.000 l	Instalación EDARi
3	Cloruro de polialuminio	Depósito de 1.000 l	Instalación EDARi
4	Chemifloc CV/1050	Edificio deshidratación EDARi	Instalación EDARi
5	Cloruro férrico	Depósito de 8.000 l	Instalación EDARi e Biodixestor
6	Ácido fosfórico	Depósito de 1.000 l	Instalación EDARi
7	Urea	Instalacións EDARi	Instalación EDARi
8	Hipoclorito sódico	Depósito de 8.000 l	Instalación EDARi
<b>Auga</b>			
1	Auga da rede municipal	3.000 l/día	--
2	Auga tratada EDARi	25.000 l/día	--

#### 5. Enerxía.

Tipo de enerxía		Consumos previsto
1	Enerxía eléctrica	1.500.000 kWh/ano
2	Gasóleo B	100.000 l/ano



## Anexo III: resumo das mellores técnicas dispoñibles e boas prácticas ambientais aplicadas na instalación

### Mellores técnicas dispoñibles

Proceso/actividade	MTDs xenéricas a aplicar
<b>Xestión ambiental</b>	Comunicar todos os detalles das actividades realizadas no emprazamento
	Sistema de xestión ambiental
	Aplicar un procedemento de mantemento e xestión axeitado
	Manter unha relación estreita cos produtores/posuidores de residuos a fin de que nas instalacións dos clientes póñanse en práctica medidas para producir a calidade requirida de residuos necesaria para o proceso de tratamento de residuos a aplicar.
	Contar con persoal suficiente, dispoñible e de servizo, coas cualificacións requiridas en todo momento.
<b>Residuos de entrada</b>	Dispor de coñecementos específicos dos residuos de entrada.
	Implantación dun procedemento previo á aceptación do residuo.
	Dispor dunha instalación de recepción de residuos.
<b>Residuos de saída</b>	Analizar os residuos producidos.
<b>Sistemas de xestión</b>	Sistema que garanta a trazabilidade do tratamento de residuos.
	Aplicación de regras de mesturado.
	Procedemento operativo de segregación e compatibilidade.
	Adopción dun enfoque para mellorar a eficacia do tratamento de residuos.
	Elaboración dun plan de xestión estruturado en caso de accidente.
	Dispor e utilizar axeitadamente un diario de incidencias.
	Plan de xestión de ruídos e vibracións.
Formulamento dos plans de clausura.	
<b>Xestión de servizos públicos e de materias primas</b>	Proporcionar unha desagregación do consumo e xeración de enerxía por tipo de fonte.
	Eficiencia enerxética das instalacións.
	Avaliacións comparativas internas.
	Análise das opcións para o uso de residuos como materias primas para o tratamento doutros residuos.
<b>Almacenamento e manipulación</b>	Aplicación de técnicas relativas ao almacenamento.
	Sistemas de contención.
	Etiquetado das conducións.
	Medidas para evitar problemas que puideran xerarse polo almacenamento/acumulación de residuos.
	Aplicación de técnicas xenéricas de manipulación de residuos.
	Técnicas de agrupación/mesturado de residuos envasados.
	Guía de separación de residuos para o seu almacenamento.
	Técnicas para agrupar residuos en contenedores.





Proceso/actividade	MTDs xenéricas a aplicar
<b>Outras técnicas comunes non mencionadas anteriormente</b>	Realizar as operacións de triturado, fragmentado e tamizado en zonas equipadas con sistemas de ventilación extractiva.
	Realizar as operacións de triturado/fragmentado de residuos especiais en áreas completamente cerradas.
	Procesos de lavado e limpeza.
<b>Tratamentos de emisións ao aire</b>	Uso restrinxido de depósitos, recipientes e cubetos non cubertos
	Sistemas pechados con extracción cara a instalacións axeitadas de redución das emisións atmosféricas.
	Sistemas de extracción axeitadamente dimensionados para cubrir algunhas zonas de almacenamento e tratamento.
	Funcionamento e mantemento do equipo de redución das emisións atmosféricas.
	Sistemas de depuración das principais emisións de gases inorgánicos.
	Detección de fugas e procedementos de reparación.
	Redución das emisións ao aire de compostos orgánicos volátiles e partículas.
<b>Xestión de augas residuais</b>	Reducir o uso da auga e a contaminación da auga mediante a aplicación de métodos de impermeabilidade e retención do almacenamento in situ.
	Procedementos instaurados para garantir que a especificación do efluente sexa idónea para o sistema de tratamento de efluentes in situ ou á súa descarga.
	Todos os efluentes deben pasar polos sistemas da instalación de tratamento.
	Sistemas colectores de augas residuais.
	Sistema colector para a recollida da auga de choiva que cae sobre as zonas de proceso.
	Segregar os sistemas de recollida de auga das augas potencialmente máis contaminadas con respecto ás non contaminadas.
	Posuír unha base totalmente de formigón en toda a zona de tratamento, que vaia parar aos sistemas de drenaxe das instalacións internas que leven a uns depósitos de almacenamento ou a interceptores que recollan a auga de choiva e calquera vertido.
	Reutilización das augas residuais tratadas.
	Comprobacións diarias sobre o sistema de xestión de efluentes e desenvolvemento dun rexistro de todas as comprobacións efectuadas.
	Identificar os principais compoñentes perigosos dos efluentes tratados.
	Determinación dos principais compoñentes das augas residuais tratadas.
	Técnicas de tratamento axeitadas para cada tipo de auga residual.
	Descarga das augas residuais xeradas trala conclusión de todas as medidas de tratamento e de inspección final posterior.
<b>Xestión dos residuos xerados polo proceso</b>	Dispor dun Plan de xestión de residuos.
	Uso de envases reutilizables.



Proceso/actividade	MTDs xenéricas a aplicar
	Levar un inventario de supervisión dos residuos in situ mediante o uso de rexistros da cantidade de residuos recibidos in situ e rexistros dos residuos procesados.
	Reutilizar os residuos dunha actividade/tratamento como materia prima para outro.
<b>Contaminación do solo</b>	Subministro e posterior mantemento das superficies das zonas operativas, incluíndo a aplicación de medidas para evitar ou limpar rapidamente as fugas e vertidos, e garantir o mantemento dos sistemas de drenaxe e outras estruturas subsuperficiais.
	Utilizar unha base impermeable e drenaxe interno nas instalacións.
	Reducir o espazo das instalacións e minimizar o uso de colectores e canalizacións subterráneas.

Proceso/actividade	MTDs a aplicar para tratamentos de residuos específicos
<b>Tratamentos biolóxicos</b>	Almacenamento e manipulación en sistemas biolóxicos.
	Selección de materias primas para sistemas biolóxicos.
	Técnicas para a dixestión anaerobia.
	Reducir as emisións ao aire de partículas, óxidos de nitróxeno, óxidos de xofre, monóxido de carbono, sulfuro de hidróxeno e compostos orgánicos volátiles cando se emprega biogás como combustible.
	Técnicas para os tratamentos mecánicos-biolóxicos.
	Reducir as emisións de olores, amoníaco, óxido nítrico e mercurio xeradas polos tratamentos mecánicos-biolóxicos.
	Reducir os vertidos á auga de nitróxeno total, amoníaco, nitrato e nitrito.
<b>Tratamentos físico-químicos das augas residuais</b>	Técnicas para os reactores de tratamento físico-químicos.
	Determinación de parámetros adicionais con respecto ás augas residuais.
	Proceso de neutralización.
	Precipitación dos metais.
	División de emulsións
	Oxidación/redución.
	Técnicas para o tratamento de residuos que contén cianuros.
	Técnicas para o tratamento de residuos que contén compostos de cromo (VI).
	Técnicas para o tratamento de residuos que contén nitritos.
	Técnicas para o tratamento de residuos que contén amoníaco.
	Sistemas de redución de emisións á atmosfera durante os procesos de filtrado e separación da auga.
	Floculación e evaporación.
	Limpeza no proceso de tamizado.
<b>Tratamento físico-químico de residuos sólidos</b>	Inmovilización



Proceso/actividade	MTDs a aplicar para tratamentos de residuos específicos
	Lixiviabilidade de compostos inorgánicos
	Restringir a aceptación de residuos que vaian tratarse por solidificación/inmovilización.
	Sistemas de redución de emisións durante as operacións de carga e descarga
<b>Tratamento físico-químico de solos contaminados</b>	Control das escavacións
	Determinación da idoneidade dos procesos que se vaian aplicar
<b>Rexeneración de aceite residual</b>	Comprobación dos disolventes clorados e PCBs
	Destilación e tratamento químico ou extracción con disolvente
<b>Rexeneración de disolventes usados</b>	Mellora do tratamento de rexeneración de disolventes residuais
	Evaporación dos residuos de destilación
<b>Rexeneración de catalizadores</b>	Técnicas xenéricas empregadas no tratamento de catalizadores residuais
	Mellora do control do proceso
<b>Rexeneración do carbón activado usado</b>	Elección do forno para rexenerar o carbón activo residual
	Tratamento dos gases de combustión
<b>Preparación dos residuos para o seu uso como combustible</b>	Ampliar os coñecementos sobre o combustible residual preparado
	Preparar distintos tipos de combustibles residuais
<b>Preparación de combustible sólido a partir de residuo non perigoso</b>	Separación magnética de metais ferrosos
	Separación de metais non ferrosos
	Espectroscopia no infravermello próximo
<b>Preparación de combustible sólido a partir de residuo perigoso</b>	Secado do combustible residual sólido
<b>Preparación de combustible líquido a partir de residuos perigosos</b>	Técnicas xenéricas para a preparación de combustible residual líquido

### Medidas protectoras e correctoras xerais

- Medidas protectoras sobre a calidade do aire
  - Realizar un mantemento adecuado das pistas.
  - Os camións que transportan o material deben someterse a unha limpeza antes da súa entrada na estrada de uso público.



- A maquinaria empregada deberá cumprir coa lexislación vixente en materia de emisión de fumes e gases de vehículos a motor. No caso de que non se cumpran os límites legais, a maquinaria defectuosa será inmediatamente reparada.
- Medidas protectoras sobre a hidroloxía superficial
  - A maquinaria utilizada para o transporte, deberá pasar tódolos controis necesarios para evitar derrames de aceites, graxas, combustibles e outros.
  - Tomaranse tódalas medidas oportunas que marque o R.D. lexislativo 1/2001, de 20 de xullo (Texto refundido da Lei de Augas). Non se poderán efectuar vertidos ao medio hídrico terrestre sen autorización expresa do organismo competente.

### **Medidas protectoras e correctoras específicas**

#### Proceso de adecuación para a implantación das instalacións de xestión de residuos

- Medidas protectoras sobre a calidade do aire
  - Rego frecuente da zona onde se realiza a adecuación para evitar o po que se produce como consecuencia da actividade da maquinaria.
- Medidas protectoras sobre a hidroloxía superficial
  - Instalación de canalizacións para a captación de augas pluviais.
  - Instalación de canalizacións perimetrais interiores que recollan a auga da parcela de actuación.
- Medidas correctoras sobre a vexetación
  - Os traballos de roza efectuaranse mediante maquinaria adecuada. O material de roza resultante será triturado e almacenado para o seu posterior emprego nas labores de selado e restauración.
  - Durante o proceso de adecuación os traballos de escavación axustaranse escrupulosamente ao proxectado co fin de non afectar as comunidades vexetais que aparecen no exterior da parcela.
- Medidas protectoras sobre a fauna
  - Limitarase a velocidade nos accesos segundo as disposicións internas de seguridade e instalarase a sinalización apropiada se é necesario.
  - Os restos orgánicos xerados durante a realización das obras depositaranse en contedores con sistema de pechado.
- Medidas protectoras sobre a paisaxe e a morfoloxía
  - Plantación de árbores e arbustos que actúen como pantallas visuais.
  - Emprego de materiais do lugar e de cores que contribúan a diminuír o contraste co medio.

#### Proceso de explotación das instalacións

- Medidas protectoras sobre a calidade do aire

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.



- Retirada das pistas e accesos dos residuos que proceden de vertidos accidentais.
- Medidas protectoras sobre a hidroloxía superficial
  - Disposición dun sistema de captación de augas residuais para evitar filtracións ao exterior da parcela onde se sitúan as actividades de xestión de residuos.
- Medidas protectoras sobre a fauna
  - Instalación dunha valla perimetral que impida o acceso de fauna terrestre.
  - Realizar un acondicionamento adecuado das pistas, retirando os vertidos que de maneira ocasional pódanse ocasionar.

#### Proceso de abandono das instalacións

- Medidas protectoras sobre a calidade do aire
  - Para evitar o po que se produce como consecuencia da actividade da maquinaria débese limitar a velocidade dos vehículos implicados nos traballos de desmantelamento.
  - O rego das zonas de actuación mediante o emprego de cuba de auga, realizarase só en caso de extrema necesidade, co fin de evitar ao máximo a produción de lixiviados durante este proceso.
- Medidas protectoras sobre a solo
  - Se durante o abandono se produce algún derrame que puidera infiltrarse no solo, tomaranse as medidas necesarias para reparar o incidente e deixar o solo en óptimas condicións.
- Medidas correctoras sobre a vexetación
  - Selección adecuada das especies a empregar na revexetación da zona alterada tendo en conta factores como climatoloxía, morfoloxía, edafoloxía, etc.
- Medidas protectoras sobre a fauna
  - Limitarase a velocidade nos accesos en relación as normas de seguridade interna.
- Medidas protectoras sobre a paisaxe e a morfoloxía
  - Remodelar a topografía alterada de modo que se axuste o máis posible a situación inicial do terreo.
- Medidas protectoras sobre o ámbito socio-cultural
  - Adecuación da zona alterada tras a recuperación, de forma que poida manter o seu uso tradicional.

**Anexo IV: Autorización ambiental integrada****1. SOBRE A ATMOSFERA****1.1.- Catalogación actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera**

De acordo co disposto no Real Decreto 100/2011, de 28 de xaneiro, polo que se actualiza o catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e se establecen as disposicións básicas para a súa aplicación, en su anexo CAPCA-2010, cataloga as seguintes actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera nos seguintes grupos e códigos:

<b>Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera. CAPCA-2010</b>		
<b>Actividade</b>	<b>Grupo</b>	<b>Código</b>
Planta de produción de compost	B	09 10 05 01
Tratamento de augas/efluentes residuais na industria. Planta con capacidade de tratamento < 10.000 m <sup>3</sup> al día.	C	09 10 01 02
Produción de biogás ou plantas de biometanización	B	09 10 06 00
Cheminea caldeira dixestión	C	03 01 03 03
Cheminea caldeira evaporador	C	03 01 03 03

**1.2.- Localización e descrición dos focos emisores canalizados á atmosfera**

<b>Foco</b>	<b>Proceso</b>	<b>Potencia térmica nominal (MWt)</b>	<b>Tipo de combustible</b>
Caldeira dixestión	Combustión para produción de enerxía para o proceso de dixestión	0,15	Biogás o gasoil (1)
Caldeira evaporador	Combustión para produción de enerxía para o proceso de evaporación	1,75	Biogás o gas natural (1)
Facho	(2)	1,800	Biogás
Foco de desodorización de espesamento de lamas	Tratamento de olores procedentes del espesamento de lamas	N/A	N/A

(1) O biogás obtido na dixestión anaerobia das lamas producidas, cun contido en metano do orde do 60 por cento, conducírase a un gasómetro de membrana. Este biogás unha vez tratado para eliminar H<sub>2</sub>S e xilosanos, valorízase nas caldeiras existentes na instalación.

(2) En situacións de exceso de biogás que non poida ser valorizado nas caldeiras, dispónse dun facho das características recollidas na seguinte táboa, dimensionada para unha capacidade de 240 Nm<sup>3</sup>/h de biogás, cuxa duración global das emisións á atmosfera é ≤ 5 por cento do tempo de funcionamento da planta, polo que se trata de emisións non sistemáticas, segundo o recollido no RD 100/2011, artigo 2, apartado i). Está equipada con todos os elementos de seguridade para unha operación segura na combustión do biogás e protección contra explosión, dispón de apagalumes e sensor UV para o control de lume.



Descrición de focos emisores canalizados á atmosfera						
Foco	Tratamento ao final da liña	Altura (m)	Diámetro (m)	Catalogación CAPCA-2010		Coordenadas UTM ETRS 89 HUSO 29
				Grupo	Código	
Caldeira dixestión	Non dispón	(3)	(3)	C	03 01 03 03	(3)
Caldeira evaporador	Non dispón	(3)	(3)	C	03 01 03 03	(3)
Facho	É unha combustión pechada, sen llama ao exterior, que acada 800 °C durante ao menos 0,3 seg	4,5	0,4	B	09 10 06 00	X: 589.703,62 Y: 8.821.931,33
Foco de desodorización espesamento de lamas	(4)	(3)		C	09 10 01 02	(3)

(3) Informarán en canto dispoñan do dato

(4) Foco de desodorización espesamento de lamas: O espesador estático cubrirase mediante unha lámina de PRFV, os espesadores dinámicos situaranse no interior do edificio industrial da EDARi. O aire recollido en dito edificio enviarase a un tratamento de lavado químico nunhas torres de lavado, onde ten lugar mediante a adición de solucións de lavado, a oxidación e neutralización das substancias odoríferas e unha neutralización ao final da etapa. Como medidas de control do proceso está previsto o control do pH e do potencial redox. Asociado a este lavado químico existirá un sistema automático de peche de portas deste edificio para controlar o volume de aire a desodorizar e minimizar as emisións fuxitivas sen tratar.

Transcorridos tres (3) meses dende a realización das primeiras medicións de emisións á atmosfera, ese titular deberá presentar a xustificación de altura de chemineas dos focos de emisións sistemáticas, de acordo coa instrucción técnica IT/FE/DXCAA/07: "Criterios para o cálculo de altura de chemineas".

### 1.3.- Emisións difusas e medidas a adoptar para a súa minimización

Descrición de focos emisores difusos á atmosfera			
Foco	Proceso	Características das emisións	Tratamento ao fin da liña
EDARi	Tamizado, tratamento físico-químico, decantación primaria, tratamento biolóxico, decantación secundaria, ozonización, espesado de lamas, filtro prensa	H <sub>2</sub> S, CO, HCN, Cl <sub>2</sub> , NH <sub>3</sub>	Stripping e scrubber en planta de evaporación
Planta de compostaxe	Sistema de fermentación aerobio por aireación e volteo	Compostos orgánicos volátiles, olor	Non dispón



As emisións difusas de olores orixínanse nos procesos de planta de tratamento de augas residuais industriais nas partes do proceso de desarenado e desengrasado, decantadores primarios, reactores biolóxicos, decantadores secundarios, dixestores anaerobios de lamas, deshidratación de lamas e nave de compostaxe.

As medidas a adoptar para a minimización de olores son:

- Procesarase a materia prima entrante á maior brevidade posible:
  - Entrada de materias desde depósitos GRG aos tanques de almacenamento pechados.
  - Nos tanques de homoxeinización axústase o pH (neutralización) e actívanse o sistema de axitación-aireación para evitar sedimentacións e xeración de olores.
- Evitarase o apilamento externo de rexeites grosos procedentes das etapas de tamizado previas ao proceso.
- Empregaranse tensoactivos no tratamento físico-químico.
- Verificarase a axeitada estabilidade da biomasa dentro do tempo de retención en edificios pechados, ao obxecto de garantir a presenza única de materiais inodoros na fase de remediación aberta; é por isto que o espesamento das lamas estará dotado dun sistema de desodorización (foco desodorización espesamento de lamas).
- As emisións no edificio de espesamento de lamas limitaranse exclusivamente ás aperturas puntuais para acceso ao mesmo. Existirá un sistema automático de peche de portas deste edificio para controlar o volumen de aire a desodorizar e minimizar as emisións fuxitivas sen tratar.
- O proceso de deshidratación de lamas é posterior á dixestión. As lamas xa dixeridas suponen un foco de olor pouco significativo.
- A dixestión anaerobia ata deshidratación de lamas realizarase en conducións pechadas.
- O proceso de compostaxe monitorizarase e controlarase; o volteo da lama para a súa maduración evitará a aparición de olores.
- Os lixiviados procedentes da planta de compostaxe bombearanse directamente aos dixestores anaerobios para o seu tratamento.
- Evitarase a formación de charcos de fugas na instalación.

**1.4.- Sistemas e procedementos para o tratamento e/ou minimización do resto das emisións**

Os sistemas e procedementos para o tratamento e/ou minimización das emisións recóllense de xeito resumido no anexo III desta resolución.

**1.5.- Valores límite de emisión**

**a) Combustible biogás.**

Foco	Substancia	Unidades	Osíxeno de referencia (%V)	Valor límite de emisión (VLE)	Condicións
Caldeira evaporador Caldeira dixestión <u>Combustible biogás</u>	CO	mg/Nm <sup>3</sup>	3	100	Medicións discontinuas
	NO <sub>x</sub> (expresado como NO <sub>2</sub> )	mg/Nm <sup>3</sup>	3	450	
	SO <sub>2</sub>	mg/Nm <sup>3</sup>	3	350	







**b) Combustible gas natural.**

Foco	Substancia	Unidades	Osíxeno de referencia (%V)	Valor límite de emisión (VLE)	Condições
Caldeira evaporador	CO	mg/Nm <sup>3</sup>	3	100	Medicións discontinuas
	NO <sub>x</sub> (expresado como NO <sub>2</sub> )	mg/Nm <sup>3</sup>	3	450	
	Opacidade dos fumes	Escala Bacharach	---	2	

**b) Combustible gasóleo.**

Foco	Substancia	Unidades	Osíxeno de referencia (%V)	Valor límite de emisión (VLE)	Condições
Caldeira dixestión	SO <sub>2</sub>	mg/Nm <sup>3</sup>	3	850	Medidas discontinuas
	CO	mg/Nm <sup>3</sup>	3	625	
	NO <sub>x</sub> (expresado como NO <sub>2</sub> )	mg/Nm <sup>3</sup>	3	615	
	Opacidade dos fumes	Escala Bacharach	---	2	

Os valores límite de emisión están referenciados ás seguintes condicións: 273,15 K de temperatura, 101,3 kPa de presión, gas seco e ao osíxeno referenciado na táboa.

A verificación do cumprimento dos valores límite realizarase conforme á: a media dos resultados das medicións realizadas no período de ao menos unha hora de medición non superará o valor límite de emisión e no caso de opacidade dos fumes, o valor máis alto obtido, non superará o valor límite de emisión establecido.

**1.6.- Vixilancia e control ambiental**

**a) Respecto ao control de emisións.**

a.1) Focos caldeiras.

A metodoloxía a seguir está recollida na instrución técnica IT/FE/DXCAA/11: "Criterios para definir métodos de referencia". Para gases de combustión acéptase a técnica de células electroquímicas.





Parámetros e contaminantes obxecto de control externo mediante medicións manuais			
Focos	Periodicidade	Parámetro	Unidades
Caldeira evaporador Caldeira dixestión	Con periodicidade cada 3 anos unha determinación no exercicio de medición	Temperatura de gases	(°C)
		Presión en conducto	(mmHg)
		Velocidade dos gases	(m/s)
		Caudal de gases en condicións normais	(Nm <sup>3</sup> /h)
	Con periodicidade cada 3 anos ao menos tres medicións no exercicio de medición de ao menos unha hora de duración	Osíxeno	(%V)
		CO <sub>2</sub>	(%V)
		SO <sub>2</sub>	(mg/Nm <sup>3</sup> ) (Kg/h)
		CO	(mg/Nm <sup>3</sup> ) (Kg/h)
		NO <sub>x</sub> (Expresados como NO <sub>2</sub> )	(mg/Nm <sup>3</sup> ) (Kg/h)
		Opacidade dos fumes	(Escala bacharach)

a.2) Foco desodorización espesamento de lamas.

Foco	Periodicidade	Parámetros e contaminantes
Foco de desodorización de espesamento de lamas	Cada 3 anos	Emisión de H <sub>2</sub> S (mg/Nm <sup>3</sup> ) Emisión de NH <sub>3</sub> (mg/Nm <sup>3</sup> )

No foco de desodorización espesamento de lamas, controlarase externamente por Organismo de Control Autorizado (OCA) el H<sub>2</sub>S y NH<sub>3</sub>, para o que previamente deberán presentar unha proposta do control destas substancias por OCA, con descripción das características deste foco, localización do punto ou puntos de mostraxe e metodoloxía de mostraxe e de análise asociado. Ademais este proceso de tratamento de gases estará suxeito aos seus correspondentes mantementos segundo instrucións do fabricante.

A planta de tratamento de biogás e facho, estarán suxeitos aos seus correspondentes mantementos segundo instrucións do fabricante.

### b) Respecto ao control de olores.

Ademais do indicado en relación con este aspecto nos apartados anteriores, respectaranse as determinacións contidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente mediante Orde do 13 de marzo de 2006 da entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Transcorridos tres (3) meses dende o comezo da explotación das instalacións por ese titular, este deberá presentar as “Boas prácticas ambientais” a implantar en dita instalación para evitar ou ao menos reducir a xeración de olores no seu proceso industrial”. Terase en conta na súa redacción o



“Documento de referencia sobre as mellores tecnoloxías disponibles para o sector do tratamento de residuos”.

### c) Sitios e seccións de medición nos focos emisores.

Os sitios e sección de medición nos focos emisores deben cumprir coa IT/FE/DXCAA/09 “Acondicionamento da sección de medida en focos emisores á atmosfera”. A xustificación e con resultado favorable debe formar parte da información das emisións e debe estar disponibles a través da plataforma informática REGADE-CAPCA. Esta xustificación terá validez indefinida sempre que non se produzan modificacións substanciais no foco emisor.

#### 1.7.- Informes de control de emisións

A instalación informará das súas emisións a través da plataforma informática REGADECAPCA. Os informes de control realizados por OCA deberán estar anexados na plataforma informática REGADE-CAPCA.

No caso de que nos informes dos OCA a declaración de conformidade fronte aos valores límite de emisións á atmosfera non sexa conforme, o titular o porá en coñecemento da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental nun prazo non superior a 48 horas dende a recepción do informe, e a súa vez propondrá as medidas correctoras e data do novo control periódico.

## 2. SOBRE O NIVEL DE PRESIÓN SONORA

### 2.1.- Valores límite

Con carácter xeral durante a actividade da instalación non se poderán emitir nin transmitir niveis de ruído tales que produzan valores de recepción superiores ós establecidos no Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, así como en calquera outra normativa de aplicación que se dite en materia de ruídos.

Do mesmo xeito, respectaranse as determinacións contidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente mediante Orde do 13 de marzo de 2006 da entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

### 2.2.- Sistemas e procedementos para minimizar a contaminación acústica

Calquera actividade puntual programable que poida supor un incremento significativo nos niveis de presión sonora realizarase en período diúrno.

Efectuarase o mantemento preventivo e correctivo das instalacións co fin de evitar e/ou reparar avarías ou deterioracións que ocasionen alteracións do nivel de presión sonora.

### 2.3.- Vixilancia e control ambiental

**Anualmente** o titular deberá realizar unha campaña de control de ruídos que incluírá medicións en horario diúrno e nocturno (no caso de funcionamento neste horario), determinando o nivel de presión sonora xerado coas instalacións en funcionamento.

Os puntos de control de ruídos deberán localizarse nos perímetros das zonas ou áreas afectadas, garantindo a representatividade das medicións e, no seu caso, nas zonas habitadas máis próximas.



No caso de executar modificacións nas instalacións que podan afectar aos niveis de presión sonora, realizarase unha campaña de control de rúidos, que incluírá medicións en horario diúrno e nocturno (no caso de funcionamento neste horario), determinando o nivel de presión sonora xerado coas novas unidades en funcionamento.

Todas as medicións realizaralas un Organismo de Control Acreditado, seguindo ao efecto os procedementos establecidos na normativa de aplicación.

#### 2.4.- Informes sobre o nivel de presión sonora

- Os resultados destes controis sobre o nivel de presión sonora, trasladarase á SXCAA co fin de analízalos e decidir se resulta preciso establecer unha nova periodicidade de control ou adoptar algunha medida para garantir o cumprimento dos valores límite.

### 3. SOBRE OS VERTIDOS LÍQUIDOS.

#### 3.1. Descrición dos vertidos.

Segundo a documentación presentada, o titular declara que a xestión das augas residuais xeradas nas súas instalacións é a seguinte:

- As **augas residuais industriais** recibidas nas instalacións son tratadas nunha depuradora de augas residuais que conta, na liña de auga, con etapas de pretratamento, decantación primaria, tratamento físico-químico, tratamento biolóxico aerobio con eliminación de nutrientes e tratamento terciario, e na liña de lodos con dixestión anaerobia. As augas residuais tratadas na depuradora de augas residuais existente nas instalacións vértense ao río Mera. Do mesmo xeito, as instalacións contan cunha planta de evaporación de triplo efecto con circulación forzada, para o tratamento dalgúns tipos de residuos líquidos recibidos nas instalacións.

- As **augas residuais pluviais** procedentes dos viais e zonas pavimentadas da planta son recollidas pola rede de imbornais e colectores e conducidas a un depósito no que se almacenan, e dende o que se bombean (en período non laboral) cara a depuradora de augas residuais das instalacións para o seu tratamento.

- As **augas residuais industriais xeradas na planta de compostaxe**. Os lixiviados e augas sucias das zonas de traballo xerados na nave de proceso da planta de compostaxe condúcense a un tanque de lixiviado dende o que se bombean á depuradora de augas residuais das instalacións ou ben se recirculan ao proceso de compostaxe.

- As **augas residuais fecais**. As augas residuais xeradas nos aseos do edificio de control son enviadas á depuradora de augas residuais das instalacións.

- As **augas pluviais non susceptibles de estaren contaminadas**. As augas pluviais procedentes das cubertas e zonas axardinadas vértense sen tratamento previo no rego dos Miles (cunca do río Mera).

No caso de que a titular modifique a xestión realizada das augas residuais xeradas nas súas instalacións deberá comunicalo a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para a súa valoración e aos efectos oportunos.



Como valores límite de emisión para as augas residuais vertidas ao dominio público establécense os criterios que seguen, en base ao disposto nas mellores técnicas dispoñibles, segundo os documentos de referencia existentes e a documentación técnica consultada.

### 3.2. Valores límite de vertido.

#### a) Caudais máximos de vertido.

Os caudais máximos de vertido ao dominio público das augas residuais xeradas nas instalacións son os seguintes:

Tipo e orixe das augas residuais	Caudal máximo
Augas residuais industriais	365.000 m <sup>3</sup> /ano – 1.000 m <sup>3</sup> /día
Augas residuais pluviais	13.039 m <sup>3</sup> /ano
Augas residuais industriais xeradas na planta de compostaxe	1.260 m <sup>3</sup> /ano
Augas residuais fecais	1.181 m <sup>3</sup> /ano
Augas pluviais non susceptibles de estaren contaminadas	12.842 m <sup>3</sup> /ano

- Os caudais máximos autorizados para as augas residuais industriais (tanto o valor anual como o diario) e fecais non poderán ser superados polos vertidos procedentes das instalacións.

- Os caudais máximos de augas residuais pluviais poderán ser variables en función da pluviometría rexistrada na zona, garantindo en calquera caso a súa correcta xestión previamente ao seu vertido ao dominio público hidráulico.

#### b) Localización dos puntos de vertido.

Segundo a documentación presentada, os distintos tipos de augas residuais xeradas nas instalacións son vertidas ao dominio público nos seguintes puntos:

- As **augas residuais industriais, fecais e pluviais tratadas na depuradora de augas residuais existente nas instalacións** vértense ao río Mera, no punto de coordenadas UTM: X=590.922; Y=4.823.463.

- As **augas pluviais non susceptibles de estaren contaminadas** vértense sen tratamento previo no rego dos Miles (cunca do río Mera) no punto de coordenadas UTM (ETRS89): X=589.900; Y=4.822.080.

Dado que a situación final do punto de vertido das **augas residuais industriais, fecais e pluviais afecta ao espazo natural “Ortigueira-Mera”, declarado “Zona de Especial Protección dos Valores Naturais” (ZEPVN) polo Decreto 72/2004, ese titular deberá proceder a solicitar a correspondente autorización á Dirección Xeral de Conservación da Natureza en virtude do disposto no artigo 2.2 do Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.**

#### c) Calidade e control dos vertidos.

Os límites máximos que se autorizan nos vertidos das augas residuais procedentes das instalacións de SOMOZAS VALORIZACIÓN DE LODOS-BIÓGÁS, S.L. e a frecuencia mínima coa que se controlarán serán os que se reflicten a continuación:



c.1) Augas residuais industriais e fecais tratadas na depuradora de augas residuais existente nas instalacións (en período laboral).

Os límites máximos permitidos no vertido e a periodicidade coa que se controlarán na arqueta de toma de mostra ou no dispositivo equivalente que deberá existir á saída das instalacións de depuración e antes da súa confluencia con outros efluentes e do seu vertido ao río Mera son os seguintes:

Parámetro (unidades)	Valor límite	Periodicidade de control	
		Interno	Externo
pH (udes. Sörensen)	5,5 – 9,5	Diario	Mensual
Sólidos en suspensión (mg/L)	80		
DQO (mg/L)	160		
Materias sedimentables (mL/L)	0,5	Semanal <sup>(2)</sup>	
DBO <sub>5</sub> (mg/L)	40		
Nitróxeno total (mg/L)	15		
Fósforo total (mg/L)	10		
Aluminio (mg/L)	1		
Arsénico (mg/L)	0,5		
Bario (mg/L)	20		
Boro (mg/L)	2		
Cadmio (mg/L)	0,1		
Cromo (III) (mg/L)	2		
Cromo (VI) (mg/L)	0,2		
Ferro (mg/L)	2		
Manganeso (mg/L)	2		
Níquel (mg/L)	2		
Mercurio (mg/L)	0,05		
Chumbo (mg/L)	0,2	Semanal <sup>(2)</sup>	Mensual
Selenio (mg/L)	0,03		
Estaño (mg/L)	10		
Cobre (mg/L)	0,2		
Cinc (mg/L)	3		
Tóxicos metálicos <sup>(1)</sup>	3		
Cianuros (mg/L)	0,5		
Cloruros (mg/L)	2000		
Sulfuros (mg/L)	1		
Sulfitos (mg/L)	1		
Sulfatos (mg/L)	2000		
Fluoruros (mg/L)	6		
Aceites e graxas (mg/L)	20	Quincenal <sup>(3)</sup>	Mensual

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.



Parámetro (unidades)	Valor límite	Periodicidade de control	
		Interno	Externo
Fenois (mg/L)	0,5		
Aldehidos (mg/L)	1		
Hidrocarburos totais de petróleo (mg/L)	5		
Deterxentes (mg/L)	2		
Pesticidas (mg/L)	0,05		
Coliformes totais (ufc/100 mL)	-	-	
Coliformes fecais (ufc/100 mL)	-		
Estreptococos fecais (ufc/100 mL)	-		
<i>Escherichia coli</i> (ufc/100 mL)	-		

(1) Suma das fraccións concentración real / límite esixido relativa aos elementos tóxicos (arsénico, cadmio, cromo VI, níquel, mercurio, chumbo, selenio, cobre e cinc).

(2) Nas mostras con frecuencia semanal, a medición realizarase alternativamente cada día laborable da semana, cun intervalo entre toma de mostra de oito días naturais contados a partir do día seguinte ao da anterior toma. No caso de que o oitavo día coincida nun día non laborable deberase realizar a toma o día laborable inmediatamente posterior.

(3) A mostraxe quincenal realizarase coincidindo coa mostraxe semanal correspondente.

O vertido non poderá conter ningunha das substancias enumeradas nos anexos I (Normas de Calidade Ambiental para substancias prioritarias e para outros contaminantes) e II (Normas de Calidade Ambiental para substancias preferentes) do Real Decreto 60/2011, de 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, que non estean recollidas na táboa anterior.

SEMESTRALMENTE o titular realizará un control externo do vertido contemplando, ademais dos parámetros indicados na táboa anterior, todos os parámetros recollidos nos anexos I e II do Real Decreto 60/2011, de 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, non incluídos entre os anteriores. Os resultados deste control deberán ser remitidos a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental dentro do trimestre posterior á data de realización das mostraxes.

Todas as análises (tanto as internas como as externas) realizaranse sobre mostras tomadas de xeito composto durante o total do período de vertido de cada día (período laboral). Nos informes cos resultados analíticos deberán especificarse as horas de inicio e finalización das mostraxes compostas.

Todas as análises correspondentes ao control interno do vertido realizaranse seguindo a metodoloxía analítica establecida no Standard Methods ou nas correspondentes Normas UNE existentes.

Todas as mostraxes e análises relativas ao control externo do vertido deberán realizarse por medio dunha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica (ECA).

Os resultados dos controis do vertido, tanto internos como externos, remitiranse cunha periodicidade MENSUAL a Augas de Galicia, sempre antes da finalización do mes seguinte ao da realización das mostraxes. Os resultados dos controis internos presentaranse mediante informe asinado polo responsable asignado e selado polo titular.



c.2) Augas residuais pluviais tratadas na depuradora de augas residuais existente nas instalacións (en período non laboral).

Os límites máximos permitidos no vertido e a periodicidade coa que se controlarán na arqueta de toma de mostra ou no dispositivo equivalente que deberá existir á saída das instalacións de depuración e antes da súa confluencia con outros efluentes e do seu vertido ao río Mera son os seguintes:

Parámetro (unidades)	Valor límite	Periodicidade de control		
		Interno	Externo	
pH (udes. Sörensen)	5,5 – 9,5	Diario	Mensual <sup>(2)</sup>	
Sólidos en suspensión (mg/L)	80			
DQO (mg/L)	160			
Materias sedimentables (mL/L)	0,5	-		
DBO <sub>5</sub> (mg/L)	40			
Nitróxeno total (mg/L)	15			
Fósforo total (mg/L)	10			
Aluminio (mg/L)	1			
Arsénico (mg/L)	0,5			
Bario (mg/L)	20			
Boro (mg/L)	2			
Cadmio (mg/L)	0,1		-	Mensual <sup>(2)</sup>
Cromo (III) (mg/L)	2			
Cromo (VI) (mg/L)	0,2			
Ferro (mg/L)	2			
Manganeso (mg/L)	2			
Níquel (mg/L)	2			
Mercurio (mg/L)	0,05			
Chumbo (mg/L)	0,2			
Selenio (mg/L)	0,03			
Estaño (mg/L)	10			
Cobre (mg/L)	0,2			
Cinc (mg/L)	3			
Tóxicos metálicos <sup>(1)</sup>	3			
Cianuros (mg/L)	0,5			
Cloruros (mg/L)	2000			
Sulfuros (mg/L)	1			
Sulfitos (mg/L)	1			
Sulfatos (mg/L)	2000			
Fluoruros (mg/L)	6			
Aceites e graxas (mg/L)	20			





Parámetro (unidades)	Valor límite	Periodicidade de control	
		Interno	Externo
Fenois (mg/L)	0,5		
Aldehidos (mg/L)	1		
Hidrocarburos totais de petróleo (mg/L)	5		
Deterxentes (mg/L)	2		
Pesticidas (mg/L)	0,05		
<sup>(1)</sup> Suma das fraccións concentración real / límite esixido relativa aos elementos tóxicos (arsénico, cadmio, cromo VI, níquel, mercurio, chumbo, selenio, cobre e cinc). <sup>(2)</sup> A mostraxe do control externo mensual deberá coincidir en data co control externo mensual do vertido de augas residuais industriais e fecais depuradas.			

O vertido non poderá conter ningunha das substancias enumeradas nos anexos I (Normas de Calidade Ambiental para substancias prioritarias e para outros contaminantes) e II (Normas de Calidade Ambiental para substancias preferentes) do Real Decreto 60/2011, de 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, que non estean recollidas na táboa anterior.

SEMESTRALMENTE o titular realizará un control externo do vertido contemplando, ademais dos parámetros indicados na táboa anterior, todos os parámetros recollidos nos anexos I e II do Real Decreto 60/2011, de 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, non incluídos entre os anteriores. Os resultados deste control deberán ser remitidos á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental dentro do trimestre posterior á data de realización das mostraxes.

Todas as análises (tanto as internas como as externas) realizaranse sobre mostraxas tomadas de xeito composto durante o total do período de vertido de cada día (período non laboral). Nos informes cos resultados analíticos deberán especificarse as horas de inicio e finalización das mostraxes compostas.

Todas as análises correspondentes ao control interno do vertido realizaranse seguindo a metodoloxía analítica establecida no Standard Methods ou nas correspondentes Normas UNE existentes.

Todas as mostraxes e análises relativas ao control externo do vertido deberán realizarse por medio dunha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica (ECA).

Os resultados dos controis do vertido, tanto internos como externos, remitiranse cunha periodicidade MENSUAL a Augas de Galicia, sempre antes da finalización do mes seguinte ao da realización das mostraxes. Os resultados dos controis internos presentaranse mediante informe asinado polo responsable asignado e selado polo titular.

Do mesmo xeito, realizarase un control en continuo dos parámetros pH, condutividade e caudal do vertido procedente da depuradora existente nas instalacións (período laboral e non laboral), así como un control en continuo do caudal de augas residuais pluviais derivado á depuradora de augas residuais para o seu tratamento.

MENSUALMENTE, xunto cos informes mensuais cos resultados dos controis dos vertidos, o titular remitirá a Augas de Galicia un informe, debidamente asinado polo responsable asignado e selado polo titular, no que deberá figurar a seguinte información:

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.



- Representación gráfica dos parámetros pH e condutividade ao longo do mes.
- Valores medios diarios de pH e de condutividade en período laboral (especificarase a duración deste).
- Valores medios diarios de pH e de condutividade en período non laboral (especificarase a duración deste).
- Representación gráfica do caudal de vertido (período laboral e non laboral), en m<sup>3</sup>/h.
- Valores diarios do caudal de vertido (período laboral e non laboral) e do caudal de augas residuais pluviais derivado á depuradora, en m<sup>3</sup>/día.
- Volume total de vertido (período laboral e non laboral) no mes e volume de augas residuais pluviais derivado á depuradora, en m<sup>3</sup>/mes.

- Tal e como se recolle no artigo 245.5 b) do Regulamento de dominio público hidráulico, en ningún caso o cumprimento dos valores límite de emisión establecidos poderá alcanzarse mediante técnicas de dilución.

- Esta Administración resérvase a facultade de modificar os límites impostos aos vertidos e a de esixir ao titular da autorización a construción e explotación das obras e instalacións necesarias para a adecuación dos vertidos ás esixencias do Plan Hidrolóxico da cunca e outras disposicións legais ou regulamentarias, sen que isto dea lugar a indemnización ao autorizado.

- Se a práctica demostrase que os tratamentos de depuración son insuficientes pola calidade do vertido ou do medio receptor, en relación cos límites fixados nesta autorización, o titular deberá, previa autorización correspondente, executar as obras e instalacións necesarias para axustar os vertidos ás características autorizadas. Neste senso, Augas de Galicia poderá esixir ao autorizado a instalación de tratamentos complementarios e calquera outra mellora nas instalacións de depuración que resulte axeitada para acadar os límites impostos ou outros que se poidan impoñer, determinando os prazos correspondentes.

- A Administración poderá efectuar, cando o estime oportuno, análises de comprobación da calidade do vertido para cotexar que se cumpren as condicións expostas no presente informe.

#### **d) Calidade e control do medio receptor.**

**- Deberase evitar a afección incompatible co mantemento das condicións e usos do medio receptor. No caso de que os vertidos causen afección incompatible co medio receptor, a Administración poderá revisar os condicionantes da autorización outorgada.**

- Con independencia dos límites establecidos, no medio receptor deberanse cumprir os valores de calidade de augas establecidos na seguinte lexislación, ou na que se dite nun futuro:

- Anexo V do Regulamento de Ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (aprobado mediante o Decreto 130/1997): *Calidade mínima esixida ás augas continentais.*
- Anexo I do Real decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.
- Anexos I e II do Real decreto 60/2011, de 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas: normas de calidade ambiental para substancias



prioritarias e para outros contaminantes; e normas de calidade ambiental para substancias preferentes.

- A titular deberá realizar un control do medio receptor nos seguintes puntos:

- 50 m augas arriba do punto de vertido no río Mera.
- 50 m augas abaixo do punto de vertido no río Mera.

- Os parámetros a controlar e a frecuencia de control en cada un dos puntos indicados serán os seguintes:

Determinación	Periodicidade
Composición de augas superficiais. Nivel simplificado	Trimestral <sup>(1)</sup>
Composición de augas superficiais. Nivel completo	Anual <sup>(2)</sup>

<sup>(1)</sup> Estes controis deberán efectuarse todos os meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano natural.  
<sup>(2)</sup> O control anual do medio receptor deberá coincidir co control semestral dos vertidos correspondente.

Os parámetros a analizar nos alcances analíticos a nivel simplificado e a nivel completo son os seguintes:

- Nivel simplificado: todos os parámetros contemplados no control mensual do vertido de augas residuais industriais e fecais depuradas.
- Nivel completo: todos os parámetros correspondentes ao nivel simplificado e, adicionalmente, todos os parámetros recollidos nos anexos I e II do R.D. 60/2011 non incluídos entre os anteriores.

Os resultados dos controis do medio receptor remitiranse cunha periodicidade TRIMESTRAL a esta Secretaría Xeral, sempre antes da finalización do mes seguinte ao da realización das mostraxes.

Do mesmo xeito, **ANUALMENTE** remitirase a esta Secretaría Xeral un **estudio que inclúa as análises realizadas no medio receptor, así como unha avaliación dos efectos do vertido e do grao de mantemento dunhas condicións mínimas para o desenvolvemento da fauna acuática**. O titular remitirá a esta Secretaría Xeral o resultado deste estudo **dentro do primeiro trimestre do ano posterior ao do estudio**.

Todas as mostraxes e análises do medio receptor deberán realizarse por medio dunha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica (ECA).

### 3.3. Sistemas de tratamento e o control de vertidos

As augas residuais xeradas nas instalacións de SOMOZAS VALORIZACIÓN DE LODOS-BIOGÁS, S.L. son xestionadas do seguinte xeito:

#### a) Augas residuais industriais.

As augas residuais industriais recibidas nas instalacións son tratadas nunha depuradora de augas residuais de 100 m<sup>3</sup>/h de capacidade, que conta cos seguintes elementos:

##### a.1) Liña de auga.



- Pozo de grosos de 30 m<sup>3</sup> dotado de reixa motorizada de 25 mm de luz de paso, e by-pass ao pozo de bombeo cara os tanques de almacenamento.
- Pretratamento deseñado para un caudal de 100 m<sup>3</sup>/h e constituído por:
  - Canle de pretratamento de 100 m<sup>3</sup>/h de capacidade e 0,7 x 0,5 m<sup>2</sup> de sección cunha pendente do 0,5%, dotada de dilacerador de 50 m<sup>3</sup>/h de capacidade e tamiz en escaleira de 2 mm de luz de malla.
  - Desareador-desengraxador rectangular aireado, de fluxo en espiral, de 2,7 m de anchura, incluíndo 0,9 m de zona de desengraxado, 8 m de lonxitude e unha lámina de auga de 3 m, cun volume unitario de 51,2 m<sup>3</sup>; dotado de bomba de extracción de areas cara lavador de areas de tipo parafuso; e de rasqueta de recollida de flotantes cara parafuso de Arquímedes.

En función das necesidades, o efluente do pretratamento canalízase cara algún dos seguintes pozos de bombeo, cada un deles de 20 m<sup>3</sup> de volume:

- Pozo de bombeo aos tanques de almacenamento e homoxeneización, que recibe ademais o *by-pass* do pozo de grosos de entrada.
  - Pozo de bombeo á arqueta de reparto da decantación primaria, ao que tamén se pode conducir o efluente dos tanques de almacenamento e homoxeneización, en función das necesidades de tratamento.
  - Pozo de bombeo ao tratamento físico-químico, ao que tamén se pode conducir o efluente dos tanques de almacenamento e homoxeneización, en función das necesidades de tratamento.
  - Pozo de bombeo ao espesador estático (pertencente á liña de lodos), ao que tamén se pode conducir o efluente dos tanques de almacenamento e homoxeneización, en función das necesidades de tratamento.
- Almacenamento e homoxeneización nos seguintes dispositivos (todos eles dispostos en paralelo):
    - 10 tanques de almacenamento de xeometría troncocónica e dotados de axitación, catro deles de 150 m<sup>3</sup> de capacidade (5 x 5 m<sup>2</sup> e 7 m de altura) e os seis restantes de 40 m<sup>3</sup> (2,5 x 2,5 m<sup>2</sup> e 6,4 m de altura), estes últimos destinados ao almacenamento dos residuos potencialmente perigosos.
    - 2 tanques de homoxeneización de xeometría rectangular cada un deles de 500 m<sup>3</sup> de volume útil (10 x 10 m<sup>2</sup> e 5 m de altura), dotados de axitación, con posibilidade de dosificar hidróxido sódico ou ácido clorhídrico, en función das necesidades.

A evacuación dos tanques de almacenamento e homoxeneización realízase por gravidade cara o pozo de bombeo a decantación primaria, cara o pozo de bombeo a tratamento físico-químico ou cara o pozo de bombeo ao espesador estático, en función das necesidades de tratamento.

Asemade, dispónse de culler bivalva de 100 L de capacidade.

- Decantación primaria, deseñada para un caudal de 100 m<sup>3</sup>/h, que entra en funcionamento no caso de vertidos con elevadas cantidades de sólidos en suspensión ou ben para asumir cargas puntuais elevadas de augas residuais pluviais; e que está constituída polos seguintes elementos:
  - Arqueta de reparto, dotada de *by-pass* cara a arqueta de entrada ao biolóxico.



- 2 decantadores primarios de 10,5 m de diámetro e 3 m de calado na vertical do vertedoiro, dotados de ponte móbil e rasquetas articuladas; así como de condución de baleirado por gravidade.

O efluente da decantación primaria é enviado ou ben á arqueta de entrada ao biolóxico (en horario laboral) ou ben á decantación secundaria (caso do tratamento de augas residuais pluviais en horario non laboral).

Os sobrenadantes da decantación primaria son enviados á liña de pretratamento para a súa retirada no desengraxador.

Os lodos primarios son enviados ao pozo de bombeo de lodos primarios localizado na arqueta de lodos mixtos, para o seu envío ao espesador por gravidade.

- Tratamento físico-químico, deseñado para un caudal de 50 m<sup>3</sup>/h, e constituído por:
  - Sistema físico-químico de tres cámaras: a primeira, de 4 m<sup>3</sup>, dotada de axitación intensa, na que se realiza unha regulación inicial de pH mediante adición de ácido mineral e coagulante inorgánico; a segunda, de 4 m<sup>3</sup>, tamén dotada de axitación intensa, na que se regula o pH ao valor óptimo do coagulante por adición dunha base; e a terceira, de 10 m<sup>3</sup>, dotada de axitación de menor intensidade, na que se produce a floculación por adición de polielectrolito aniónico.
  - Sistema de flotación por aire disolvido (DAF) de 2 x 5 m<sup>2</sup> de superficie e 2,5 m de altura.

O efluente do tratamento físico-químico derívase á entrada do tratamento biolóxico, á decantación secundaria ou devólvese á cabeceira de planta, en función das necesidades.

Os lodos do tratamento físico-químico son enviados ao pozo de lodos físico-químicos localizado na arqueta de lodos mixtos, para o seu envío ao espesador por gravidade.

- Tratamento biolóxico de 100 m<sup>3</sup>/h de capacidade, constituído por:
  - Arqueta de reparto a tratamento biolóxico, que recibe o efluente do tratamento físico-químico, dos tanques de homoxeneización, ou da decantación primaria, así como do espesador por gravidade pertencente á liña de lodos, no caso de que se precise para o mantemento do cultivo do reactor, e do destilado da planta de evaporación. Esta arqueta ademais, está dotada de by-pass cara a decantación secundaria.
  - 2 reactores biolóxicos tipo carrusel con nitrificación-desnitrificación e eliminación de fósforo por vía biolóxica, executados en formigón armado e cun volume unitario de 2.400 m<sup>3</sup>, que contan con dúas zonas anóxicas e catro zonas óxicas, se ben a primeira das zonas óxicas pode actuar como facultativa. Nas zonas anóxicas (situadas nas zonas curvas e que supoñen en conxunto un 40% do volume total de cada reactor) disporanse axitadores somerxibles e as zonas óxicas dotaranse de aireación mediante tres soplantes e grellas de difusores elevables cun total de 210 difusores de membrana por unidade. A recirculación aos reactores biolóxicos dende o pozo de bombeo de lodos secundarios introdúcese na primeira etapa óxica.

O efluente dos reactores biolóxicos condúcese á arqueta de reparto aos decantadores secundarios.



- Decantación secundaria, deseñada para un caudal total de  $100 \text{ m}^3/\text{h}$ , constituída polos seguintes elementos:
    - Cámara de reparto e recollida aos decantadores secundarios, que recibe, ademais do efluente dos reactores biolóxicos, o *by-pass* deste, así como o efluente do tratamento físico-químico e o efluente da decantación primaria.
    - 2 decantadores secundarios con ponte diametral móbil, de 14 m de diámetro e 3,5 m de calado na vertical do vertedoiro, cunha capacidade unitaria de  $50 \text{ m}^3/\text{h}$ .
- O efluente dos decantadores dérívase á arqueta de reparto do tratamento terciario.
- Os lodos secundarios condúcense ao pozo de bombeo de lodos secundarios localizado na arqueta de lodos mixtos, para a súa recirculación ao reactor biolóxico ou ben para a súa purga cara o espesador por gravidade.
- Os sobrenadantes da decantación secundaria son enviados á liña de pretratamento para a súa retirada no desengraxador.
- Tratamento terciario:
    - Planta de ozonización e ultrasóns cunha capacidade de tratamento de  $75 \text{ m}^3/\text{h}$ . A inxección do ozono realízase mediante axitadores de alta eficiencia.
    - Labirinto polo que se fai circular o efluente para que actúe o ozono inxectado antes do seu vertido.

#### a.2) Liña de lodos.

- Espesador por gravidade mediante rasquetas de 8 m de diámetro e 4,5 m de profundidade, ao que se derivan os lodos bombeados dende a arqueta de lodos mixtos, o efluente do pozo de bombeo ao espesador e os lixiviados procedentes do depósito de lixiviados do proceso de compostaxe. Os sobrenadantes do espesador por gravidade son enviados á arqueta de sobrenadantes, dotada de axitación, onde conflúen cos sobrenadantes dos decantadores primarios e secundarios, para o seu bombeo á cabeceira da planta. Os lodos espesados son bombeados ao espesador dinámico, se ben existe a posibilidade de conducilos á entrada do reactor biolóxico.
- Espesador dinámico tipo tambor rotativo con dosificación de polielectrolito.
- Arqueta de lodos espesados e bombeo a dixestión ou á arqueta de lodos dixeridos (*by-pass* da dixestión).
- 2 dixestores anaerobios, de 12 m de diámetro e 9 m de altura cada un deles, dispostos en paralelo, con dosificación de leiteada de cal (para o axuste do pH) e cloruro férrico (para a eliminación de ácido sulfhídrico no biogás) á entrada e quentamento mediante recirculación. Asemade, aplicaranse ultrasóns para incrementar a produción de biogás.
- Arqueta de lodos dixeridos de  $30 \text{ m}^3$ .
- Deshidratación en centrífuga de  $15 \text{ m}^3/\text{h}$  de capacidade máxima, con dosificación de polielectrolito.
- Secado de lodos mediante microondas en forno de  $6,2 \times 1,5 \times 2,2 \text{ m}^3$  dividido en 3 seccións.
- Silo de almacenamento de lodos.

#### a.3) Liña de biogás:

- Gasómetro de membrana de baixa presión de 7 m de diámetro e  $180 \text{ m}^3$  de volume.
- Antorcha de  $60 \text{ m}^3/\text{h}$  de capacidade.



**Todas as drenaxes xeradas na estación depuradora de augas residuais industriais deberán dirixirse á cabeceira de planta para a súa reincorporación ao proceso.**

As augas residuais procedentes da depuradora existente nas instalacións son vertidas, mediante condución de PVC de 400 mm de diámetro interior e 3.145 m de lonxitude total, ao río Mera.

**No punto de vertido deberá dispoñerse un dispositivo de disipación de enerxía.**

As instalacións contan tamén cunha **planta de evaporación de triplo efecto con circulación forzada**, para o tratamento dalgúns tipos de residuos líquidos recibidos nas instalacións. A devandita planta de evaporación, de 5 m<sup>3</sup>/h de capacidade, está constituída polos seguintes elementos:

- Tratamento físico-químico de 10 m<sup>3</sup>/h de capacidade, suficiente para o caudal previsto en evaporación así como para outros residuos líquidos da planta que precisen este tratamento previo; constituído por:
  - Almacenamento e bombeo de residuos líquidos en depósito de 100 m<sup>3</sup> de capacidade.
  - Dosificación de antiescumante.
  - Módulos de coagulación, adición e reacción, dotados de axitación e control de pH.
  - Módulo de floculación, dotado de axitación.
  - Decantador lamelar.
  - Espesador de lodos cilíndrico vertical de fondo cónico, de 4 m<sup>3</sup> de volume.
  - Filtro prensa con paquete filtrante de 14,8 m<sup>2</sup> de superficie total.
  - Axuste de pH en depósito en PRFV de 3 m<sup>3</sup>, dotado de axitación e controlador de pH.
  - Almacenamento e bombeo de auga pretratada a evaporar, en depósito en PRFV de 60 m<sup>3</sup> de capacidade.
  - Dosificación de coagulante, precipitante, sosa, polielectrolito e ácido.
  
- Evaporación ao baleiro en equipo de triplo efecto de 5 m<sup>3</sup>/h de capacidade nominal, mediante os seguintes dispositivos:
  - Dosificación de antiescumante.
  - Equipo de evaporación ao baleiro de triplo efecto coas seguintes características: 1º efecto de 11 m<sup>3</sup> de volume e 90°C de temperatura de traballo; 2º efecto de 11 m<sup>3</sup> de volume e 75°C de temperatura de traballo; 3º efecto de 15 m<sup>3</sup> de volume e 60°C de temperatura de traballo.
  - Depósito de almacenamento de concentrado de 100 m<sup>3</sup> en PRFV, dende o cal o concentrado do proceso de evaporación se alimenta ao sistema de inertización ou se envía a xestor.
  - Depósito de almacenamento de destilado de 20 m<sup>3</sup> en PRFV. O destilado reutilízase parcialmente no proceso físico-químico ou de evaporación (formulación de reactivos, solucións de limpeza...) enviándose o excedente á



arqueta de reparto aos reactores biolóxicos da depuradora de augas residuais das instalacións.

**O titular deberá dispor da pertinente autorización de Augas de Galicia para a realización das actuacións previstas dentro da zona de policía de cauces**, tanto no que se refire ás instalacións localizadas no Monte Marbán como a condución de evacuación ata o río Mera.

**O titular deberá comunicar á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a finalización das obras de execución das instalacións, aportando un plano co trazado definitivo da condución de vertido.**

**Do mesmo xeito, o titular deberá comunicar a esta Secretaría Xeral a data prevista de inicio dos vertidos cunha antelación mínima DUN (1) MES.**

**b) Augas residuais pluviais.**

As augas residuais pluviais procedentes dos viais e zonas pavimentadas da planta son recollidas pola rede de imbornais e colectores e conducidas a un depósito de 790 m<sup>3</sup> no que se almacenan, e dende o que se bombean (en período non laboral) cara a depuradora de augas residuais das instalacións para o seu tratamento, dirixíndose á entrada do pretratamento ou á decantación primaria.

**c) Augas residuais industriais xeradas na planta de compostaxe.**

Os lixiviados e augas sucias das zonas de traballo xerados na nave de proceso da planta de compostaxe condúcense a un tanque de lixiviado de 150 m<sup>3</sup> de capacidade total constituído por dúas celas de dimensións unitarias 4,1 x 4,1 x 4,5 m<sup>3</sup> dende o que se bombean cara o espesador estático da liña de lodos da depuradora de augas residuais das instalacións ou ben se recirculan ao proceso de compostaxe.

**d) Augas residuais fecais.**

As augas residuais xeradas nos aseos do edificio de control son enviadas á arqueta de retorno do pretratamento da depuradora de augas residuais das instalacións.

**e) Augas pluviais non susceptibles de estar contaminadas.**

As augas pluviais procedentes das cubertas e zonas axardinadas vértense sen tratamento previo mediante condución de PVC de 500 mm de diámetro no rego dos Miles (cunca do río Mera).

**No punto de vertido deberá dispoñerse un dispositivo de disipación de enerxía.**

**O titular deberá dispor da pertinente autorización de Augas de Galicia para a realización das actuacións previstas dentro da zona de policía de cauces.**

**3.4. Control e rexistro dos resultados dos vertidos**

- Disporase dunha arqueta ou dispositivo equivalente para o control e mostraxe do efluente tratado na depuradora de augas residuais das instalacións, tanto en período laboral (augas residuais industriais e fecais) como en período non laboral (augas residuais pluviais), con acceso directo para a súa inspección por parte de Augas de Galicia.





- O titular disporá de instrumentos para o control en continuo dos seguintes parámetros: pH, condutividade, caudal de vertido (período laboral e non laboral) e caudal de augas residuais pluviais derivado á depuradora de augas residuais para o seu tratamento.
- Disporase tamén do equipo ou equipos tomamostras automáticos programables en tempo e volume que resulten necesarios para o control e mostraxe de forma individualizada das augas residuais industriais e fecais tratadas na depuradora de augas residuais existente nas instalacións (en período laboral) e das augas residuais pluviais tratadas na depuradora de augas residuais existente nas instalacións (en período non laboral); o/s cal/es deberá/n estar instalado/s antes do vertido final.
- O titular manterá en servizo e calibrará todos estes instrumentos con métodos axeitados.
- **Cada día realizaranse cadansúa toma de mostra composta ao longo dos períodos laboral e non laboral**, as cales serán debidamente identificadas e conservadas durante un período mínimo de 48 horas a contar dende a hora de finalización das tomas de mostra.
- Deberá existir un libro de rexistro (físico ou informático adecuadamente protexido contra dano ou contra modificación non autorizada) a disposición da Administración, no que se anotarán:
  - Tomas de mostrax realizadas e resultados analíticos obtidos nos ensaios en laboratorio efectuados ao abeiro do establecido no presente informe.
  - Incidencias acontecidas na operación que poidan influír na calidade dos vertidos ou na calidade do medio receptor. Calquera incidente será comunicado no momento de producirse, por escrito, a Augas de Galicia.

### 3.5. Boas prácticas e melloras técnicas dispoñibles (MTD's)

O titular debe considerar as seguintes medidas:

- Reducir o uso de auga e a súa contaminación mediante:
  - Aplicación de métodos de impermeabilidade e retención do almacenamento in situ.
  - Realización de comprobacións regulares dos depósitos e cubetas, especialmente cando están soterrados.
  - Aplicación de drenaxe de auga separado segundo a carga de contaminación.
  - Provisión dun depósito colector de seguridade.
  - Organización de auditorías periódicas sobre a auga, co obxecto de reducir o seu consumo e evitar a súa contaminación.
  - Segregación da auga de proceso das pluviais.
- Dispoñer de procedementos instaurados para garantir que a especificación do efluente sexa idónea para o sistema de tratamento de efluentes in situ ou a súa descarga.
- Evitar que o efluente se filtre nos sistemas da instalación de tratamento.
- Dispoñer dun sistema pechado instaurado e operativo que permita recoller as pluviais que caian nas zonas de procesamento xunto con efluentes de lavado de cisternas, vertidos ocasionais, lavados de bidóns, etcétera. e devolveo á instalación de procesamento ou recollelo nun interceptor combinado.
- Segregar os sistemas de recollida de auga das augas potencialmente máis contaminadas con respecto ás menos contaminadas.



- Posuír unha base totalmente de formigón en toda a zona de tratamento, que vaia parar aos sistemas de drenaxe das instalacións internas que leven a uns depósitos de almacenamento ou a interceptores que recollan as augas pluviais e calquera vertido.
- Recoller as augas pluviais nun depósito especial para a comprobación, aplicación do correspondente tratamento no caso de que estea contaminada e uso posterior.
- Maximizar a reutilización das augas residuais tratadas e o uso das augas pluviais nas instalacións.
- Realizar comprobacións diarias sobre o sistema de xestión de efluentes e levar un rexistro de todas as comprobacións efectuadas, a través dun sistema de supervisión da descarga de efluentes e da calidade dos lodos.
- Identificar as augas residuais que poidan conter compostos perigosos; segregas as correntes de augas residuais anteriormente identificadas; e tratalas especificamente coa técnica máis axeitada.
- Implantar medidas que permitan aumentar a fiabilidade coa que levar a cabo o control requirido e o rendemento da diminución da contaminación.
- Identificar os compoñentes do produto químico principal do efluente tratado e realizar unha avaliación informada do destino destes produtos no medio ambiente.
- Descargar só as augas residuais almacenadas trala conclusión de todas as medidas de tratamento e da inspección final posterior.
- Instalar tellados sobre zonas de posible contaminación cando sexa viable.

#### 4. SOBRE A PROTECCIÓN DO SOLO E DAS AUGAS SUBTERRÁNEAS

##### 4.1.- Sistemas e procedementos para evitar a contaminación.

- As superficies das zonas de manexo de substancias perigosas deberán estar impermeabilizadas e contarán cunha rede de drenaxe e recollida de perdas ou derramos, de forma que se garanta a súa adecuada xestión. O pavimento deberá ser impermeable e resistente ás substancias perigosas que se manexen, debéndose realizar as labores de mantemento necesarias para que o mesmo estea en perfecto estado.
- Todos os depósitos de produtos perigosos contarán con cubetos de retención impermeabilizados, que impidan a dispersión dun posible derramo, que deberán contar cun volume de retención suficiente para conter posibles derramos ou fugas e permitir o seu correcto tratamento e/ou eliminación.

##### 4.2.- Vixilancia e control ambiental

- A instalación deberá contar cunha rede piezométrica para o control periódico dos solos e das augas subterráneas. Esta rede piezométrica deberá executarse de forma previa ao inicio do funcionamento das instalación, instalándose un total de catro piezómetros que estarán localizados de forma aproximada conforme ao disposto na seguinte táboa:

Punto de mostraxe	Localización
P1	Augas abaixo do balsa de lixiviados
P2	Augas abaixo da planta de compostaxe
P3	Augas abaixo da EDAR
P4	Augas arriba do centro de tratamento

- Unha vez instalados os pozos de control deberán remitir un informe no que figure a localización definitiva dos piezómetros (indicando as coordenadas UTM exactas e o *datum* considerado), diámetros e técnica de perforación, así como materiais e condicións de implantación.



- Co obxecto de dispor de datos da calidade dos solos antes da entrada en funcionamento da planta, os piezómetros executaranse con recollida de testemuña, analizando dúas mostras de solo en cada sondaxe. En cada mostra determinaranse os seguintes parámetros: nivel freático, pH, condutividade, benceno, tolueno, etilbenceno, xileno, compostos orgánicos volátiles, hidrocarburos totais de petróleo, arsénico, cadmio, cromo, cobre, cobalto, mercurio, níquel, chumbo e zinc.
- O titular realizará análises das mostraxes de augas subterráneas nos puntos de control indicados anteriormente dos seguintes parámetros e coas seguintes periodicidades:

Punto de mostraxe	Parámetros a analizar	Frecuencia mostraxe
P-1	pH	TRIMESTRAL
P-2	Nivel freático	
P-3	Condutividade	
P-4	Carbono orgánico total	
	Aluminio	
	Arsénico	
	Bario	
	Boro	
	Cadmio	
	Cobre	
	Cobalto	TRIMESTRAL
	Cromo total	
	Cromo VI	
	Ferro	
	Manganeso	
	Mercurio	
	Níquel	
	Chumbo	
	Cinc	
	Selenio	
P-1	Estaño	TRIMESTRAL
P-2	Cianuros	
P-3	Cloruros	
P-4	Sulfatos	
	Fluoruros	
	Fósforo total	
	Nitróxeno total	
	Fosfatos	
	Nitratos	
	Hidrocarburos totais de petróleo	
	Compostos orgánicos volátiles	
	BTEX	

- O titular remitirá TRIMESTRALMENTE a esta Secretaría Xeral o resultado destes controis para os parámetros indicados na táboa anterior.
- Todos os piezómetros deberán ser bombeados de forma previa á toma de mostras, co obxecto de forzar a entrada de auga do acuífero e garantir a representatividade da mostra. A toma de mostras e os análises serán realizados por un entidade colaboradora coa administración hidráulica (ECA) de acordo cos requirimentos establecidos no *Decreto 162/2010, de 16 de setembro*.





- Os piezómetros deberán permanecer operativos durante toda a vida útil da instalación, levando a cabo as operacións de mantemento necesarias cara a garantir a súa permanencia, debendo revisar as tapas exteriores cara a evitar a entrada de elementos externos, ademais realizarase o desenvolvemento de cada un dos piezómetros co fin de eliminar os finos que se puideran acumular e colmatar a tubaxe de PVC.

- O titular realizará e remitirá as análises, conforme aos anteriores requirimentos, durante os dous primeiros anos a partir da obtención da presente autorización. En función dos resultados acadados durante a fase de vixilancia e control, esta Secretaría Xeral poderá modificar en anos posteriores a frecuencia do control, así como adoptar as medidas que considere necesarias.

- A información presentada no IPS, xunto co disposto nos puntos anteriores de vixilancia e control dos solos e das augas subterráneas, considérase suficiente para dar cumprimento ao punto f) do apartado dez contido no artigo primeiro da *Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002 de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación e a Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados*, polo que se modifica o apartado 1 do artigo 12 da *Lei 16/2002 de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación*.

- Se como resultado das análises efectuadas se detectasen zonas de solo ou augas contaminadas estableceranse, de acordo coa SXCAA, criterios de avaliación de riscos e plans de acción para o seu control.

#### 4.3.- Información de solos e augas subterráneas

- Deberase remitir a esta Secretaría Xeral a información que se detalla no apartado 7.2 deste Anexo IV.

### 5. SOBRE A XESTIÓN E A PRODUCCIÓN DE RESIDUOS.

Na seguinte táboa amósanse as capacidades de cada unha das plantas que se ten previsto executar por parte dese titular:

Planta	Capacidade (t/ano)
EDARi	125.000
Planta de compostaxe	36.000

#### 5.1. Condicións xerais para o centro de tratamento de residuos.

- A xestión de residuos no centro de tratamento de residuos queda supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira.- Deberanse cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades inscritas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

Segunda.- A actividade autorizada está condicionada ao cumprimento das prescricións técnicas establecidas no proxecto que se presentou xunto coa solicitude.



Terceira.- Calquera modificación dos termos obxecto desta autorización (condicións técnicas ou destino final dos residuos) deberá ser comunicada a este centro directivo para o seu coñecemento e avaliación.

Cuarta.- Só se poderán tratar en cada instalación os residuos recollidos na táboa de códigos LER correspondente.

Quinta.- A entidade explotadora disporá dun arquivo cronolóxico, físico ou telemático, segundo o establecido no artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Gardarase a información arquivada durante, cando menos, tres anos.

Sexta.- A efectos de que esta Secretaría Xeral verifique que non se da algún dos supostos previstos no artigo 25.4 e 25.5 da Lei 22/2011, o titular deberá de notificar os traslados de residuos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sétima.- Realizarase o procedemento de control dos traslados de residuos non perigosos, incluídos no ámbito de aplicación do Decreto 174/2005, que se realicen pola vía pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o establecido no Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.

Oitava.- A entidade explotadora levará un rexistro no que conste a cantidade, a natureza, o código de identificación, a procedencia, os métodos e os lugares de tratamento, e a data de aceptación e recepción dos residuos (de acordo co disposto no artigo 37 do RD 833/1988 do 20 de xullo, e no artigo único, apartados 2 e 3, do RD 952/1997 do 20 de xuño).

Novena.- Cumprir as obrigas que se derivan do cumprimento do disposto nos artigos 31 e seguintes do R.D. 833/88, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos.

Décima.- Os residuos xestionados externamente entregaranse a xestores autorizados. Evitarase a produción de residuos ou se isto non fose posible, xestionaranse mediante procedementos de valorización, preferentemente mediante reciclado ou reutilización. No suposto de que tampouco fóra factible a aplicación de ditos procedementos, por razóns técnicas ou económicas, os residuos eliminaranse de xeito que se evita ou reduza ao máximo a súa repercusión no medio ambiente, de acordo coa normativa aplicable na materia.

Os traslados dos residuos realizaranse mediante empresas transportistas inscritas no rexistro ao efecto.

Décimo primeira.- No caso do almacenamento, este terá que ser para residuos non perigosos por tempo inferior a dous (2) anos, se o seu destino é a valorización, un ano se é a eliminación e para residuos perigosos de seis (6) meses.

Décimo segunda.- Deben cumprirse as esixencias establecidas na lexislación de protección civil (segundo o establecido no artigo 5.2 do RD 833/1988 do 20 de xullo) e as prescricións técnicas do proxecto da actividade presentadas.

Décimo terceira.- No caso de existir modificacións no deseño das mesmas en base aos proxectos técnicos e de explotación presentados, o titular debe remitir ditas modificacións por medio do Proxecto previsto na normativa sectorial, firmado por técnico competente e visado polo Colexio Oficial correspondente, para ser avaliadas por parte deste centro directivo.



Décimo cuarta.- Previamente á posta en marcha da actividade ou de calquera modificación realizada no deseño orixinal da instalación o titular deberá:

- Presentar o certificado visado de dirección de obra correspondente ao proxecto presentado, para a realización da preceptiva visita de comprobación das instalacións por parte desta consellería.
- Presentar os certificados de aceptación definitivos dos residuos resultantes do proceso e/ou os clientes aos que se van a destinar os produtos obtidos.

Décimo quinta.- Réxime de garantías e seguro de responsabilidade civil.

- Durante a vixencia da autorización débense manter vixentes e actualizadas en todo momento as garantías descritas no anexo I.
- Para a realización das actividades de xestión de residuos perigosos ese titular deberá manter vixente en todo momento a póliza do seguro de responsabilidade civil descrita no anexo I, co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 20.4.c da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e nas súas normas de desenvolvemento. O incumprimento desta obriga suporá a suspensión da eficacia da autorización outorgada e non poderá exercer as actividades prescritas mentres persista esta circunstancia.

Décimo sexta.- Documentación a presentar periodicamente

O titular debe presentar ante a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a seguinte documentación coa periodicidade indicada:

- Para as actividades de xestión de residuos, **anualmente**, o titular deberá presentar unha memoria resumo da información contida no arquivo cronolóxico co contido que figura no anexo XII, da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Para aquelas actividades suxeitas a comunicación segundo o previsto na Lei 22/2011 manterase o arquivo cronolóxico á disposición das autoridades competentes para efectos de inspección e control.  
O procedemento a seguir para a súa presentación será o indicado na seguinte páxina web:  
<http://sirga.medioambiente.xunta.es/tramites/declaracion.html>.

## 5.2. Condicións para a xestión de residuos mediante valorización.

### a) Valorización mediante tratamento en estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización e motor de coxeración.

- Os residuos que abranguen as inscricións **SC-I-IPPC-XV-00027**, **SC-RP-IPPC-XV-00018** e **SC-U-IPPC-XV-00023** no RXPXRG para valorización de residuos non perigosos de orixe industrial e urbana e residuos perigosos mediante tratamento en estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización no anexo V da presente resolución codificados segundo a Orden MAM/304/2002.

- As características da instalación serán as seguintes:

Instalación: Planta para o aproveitamento enerxético de residuos líquidos mediante dixestión anaerobia nunha depuradora de augas residuais.

Proceso: Obtención de biogás (biometanización).



Actividade autorizada: R3 - Recuperación ou rexeneración de substancias orgánicas que non se utilizan como disolventes (incluídas as operacións de formación de fertilizante e outras transformacións biolóxicas).

Capacidade máxima de tratamento: 250.000 t/ano, mediante a posta en marcha de dúas liñas de tratamento de 125.000 t/ano cada unha; unha das liñas verá mermada a súa capacidade bruta pola entrada de residuo de procedencia interna, segundo se indica no seguinte parágrafo a cerca da capacidade normal de tratamento.

Capacidade normal de tratamento: 125.000 t/ano, das que 95.040 t/ano responde a residuo de procedencia externa e 29.960 t/ano responderán a residuos de procedencia interna.

Réxime de funcionamento: 220 días/ano 16h/día.

Descrición: Esta instalación está constituída polos seguintes procesos:

- Estación depuradora de augas residuais industriais (EDARi):
  - Liña de Auga (Pretratamento; Tratamento Primario. Físico – químico; Tratamento secundario. Reactor biolóxico; Arqueta de reparto a decantadores, recirculación, purga e sobrenadantes; Decantación secundaria; Arqueta de reparto a terciario; Desinfección ozono e ultrasóns).
  - Liña de Lamas (Purga de lamas primarios; Espesador de lamas por gravidade; Purga de lamas secundarios; Espesador dinámico; Arqueta de lamas mixtos e alimentación dixestores; Dixestión para obtención de biogás que será aproveitado na caldeira para quentar auga que a través dun intercambiador de calor, deshidratará a lama; Alimentación a deshidratación; Deshidratación; Transporte e almacenamento de lamas deshidratados).
- Módulo de biometanización (biodixestor): O biogás xerado é aproveitado na caldeira para quentar auga que a través dun intercambiador de calor, quenta a lama. O biogás é almacenado en gasómetros de dobre membrana sobre os propios dixestores, antes de ser queimado, sométese a un proceso de secado. A calidade do gas contrólase coa inxección de osíxeno e dosificación de cloruro férrico nos propios dixestores, así como coa propia alimentación do sistema. O gas non aproveitado na caldeira queimase nunha antorcha.  
As lamas xeradas serán utilizadas na Planta de Compostaxe do Centro de Tratamento de Residuos para a obtención de compost para a súa utilización en solos agrícolas.

As características de deseño e construción desta instalación así como as súas condicións de explotación son as recollidas no proxecto “*Solicitud de AAI para Instalación de Centro de Tratamiento de Residuos en As Somozas (A Coruña), Enero 2012*”, “*Memoria de explotación de planta de compostaje, Febrero 2015*” e “*Proyecto Modificado Fase 1 de la Planta de Tratamiento de Residuos en As Somozas (A Coruña), Febrero 2015*”.

## **b) Valorización na planta de compostaxe mediante elaboración de compost e elaboración de solos artificiais.**

### **b.1) Valorización consistente na elaboración de compost.**

- Os residuos que abrangue a inscrición **SC-I-IPPC-XV-00030** e **SC-U-IPPC-XV-00025** no RXPXRG para valorización de residuos non perigosos de orixe industrial e urbana mediante elaboración de compost relaciónanse no anexo VI da presente resolución codificados segundo a Orden MAM/304/2002.

- As características da instalación serán as seguintes:

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.



Instalación: Planta de valorización de residuos orgánicos mediante elaboración de compost destinado a uso agrícola ou solos artificiais (tecnosolos).

Actividade autorizada: R3 - Recuperación ou rexeneración de substancias orgánicas que non se utilizan como disolventes (incluídas as operacións de formación de fertilizante e outras transformacións biolóxicas).

Capacidade máxima de tratamento: 46.600 t/ano de residuos non perigosos.

Capacidade normal de tratamento: 28.0000 t/ano de residuos non perigosos.

Réxime de funcionamento: 220 días/ano 16h/día.

Descrición: Proceso de compostaxe (Recepción de lamas a compostar; Abasto de material soporte en nave semipechada; Trituración de material soporte para esmiazar e desfibrar os restos vexetais; Transporte de materias primas ata a nave de compostaxe; Proceso de compostaxe: fermentación-maduración en nave semipechada; Traslado do compost madurado, mediante pa cargadora, para o seu afino con trommel; Traslado á zona de almacenamento de compost refinado; Re-Introdución do rexeitamento no proceso).

Abastecemento de lamas: Chegarán á planta camiós de transporte de lamas procedentes tanto doutras depuradoras coma da propia instalación.

As instalacións e equipos da Planta de Compostaxe son os seguintes: Nave de proceso; Nave de abastecimento de material soporte e estruturante /compost rematado; Sistema de control de equipos electromecánicos; Rede de drenaxe de lixiviados a depuradora.

As características de deseño e construción desta instalación así como as súas condicións de explotación son as recollidas no proxecto "*Solicitud de AAI para Instalación de Centro de Tratamiento de Residuos en As Somozas (A Coruña), Enero 2012*", "Memoria de explotación de planta de compostaje, Febrero 2015" e "Proyecto Modificado Fase 1 de la Planta de Tratamiento de Residuos en As Somozas (A Coruña), Febrero 2015".

## b.2) Valorización consistente na elaboración de solos artificiais.

- Os residuos que abrangue a inscrición **SC-I-IPPC-XV-00031** e **SC-U-IPPC-XV-00120** no RXPXRG para valorización de residuos non perigosos de orixe industrial e urbana mediante elaboración de solos artificiais relaciónanse no anexo VII da presente resolución codificados segundo a Orden MAM/304/2002.

- As características da instalación serán as seguintes:

Instalación: Planta de valorización de residuos orgánicos mediante elaboración de compost destinado a uso agrícola ou solos artificiais (tecnosolos).

Actividade autorizada: R3 - Recuperación ou rexeneración de substancias orgánicas que non se utilizan como disolventes (incluídas as operacións de formación de fertilizante e outras transformacións biolóxicas).

Capacidade máxima de tratamento: 13.400 t/ano de residuos non perigosos.

Capacidade normal de tratamento: 8.000 t/ano de residuos non perigosos.

Réxime de funcionamento: 220 días/ano 16h/día.

Descrición: Planta de elaboración de solos reciclados a partir da mestura en correctas proporcións de diversos tipos de residuos. O pretratamento de lodos e residuos para o seu posterior aplicación na elaboración de solos artificiais desenvolverase mediante a actividade de compostaxe. O amoreamento e mestura dos residuos realizase en parte da superficie da planta de compostaxe. Unha vez elaborado o solo transportarase ata a zona de maduración para a súa posterior aplicación en lugares autorizados.

As características de deseño e construción desta instalación así como as súas condicións de explotación son as recollidas no proxecto "*Solicitud de AAI para Instalación de Centro de Tratamiento de Residuos en As Somozas (A Coruña), Enero 2012*", "Memoria de explotación





de planta de compostaje, Febrero 2015” e “Proyecto Modificado Fase 1 de la Planta de Tratamiento de Residuos en As Somozas (A Coruña), Febrero 2015”.

**c) Condicións para a xestión de residuos mediante valorización indicadas nos apartados a) e b).**

**c.1) Xerais.**

Primeira.- En todo momento deberá cumprir as prescricións que sobre residuos se establecen na Lei 22/2011, do 28 de xullo, no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, e no RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, así como en cantas disposicións fosen ditadas ou se diten na Administración do Estado e na Administración da Xunta de Galicia en materia de residuos.

Segunda.- O titular deberá presentar unha declaración anual de actividades, antes do 1 de marzo e segundo o modelo oficial.

Terceira.- A autorización está condicionada ao cumprimento das prescricións técnicas establecidas na documentación que de tal carácter se presentou nesta Secretaría Xeral para o outorgamento das correspondentes autorizacións.

Cuarta.- Calquera modificación da actividade obxecto desta autorización deberá ser comunicada a este centro directivo para a súa aprobación.

Quinta.- No referente aos residuos autorizados que segundo a orixe teñan que ser considerados subprodutos animais (aqueles indicados co superíndice 1 na listaxe de códigos LER incluídos no anexo V, anexo VI e anexo VII desta resolución), estarase ao disposto nos requisitos previstos no Regulamento CE 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de outubro de 2009 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais) e no RD 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano. Polo que, para a súa entrada como subproduto animal na planta, será necesario a autorización previa da Consellería de Medio Rural e do Mar.

Sexta.- Non se aceptarán na instalación de elaboración de tecnosolos residuos que polas súas características non cumpran as especificacións da ITR/01/08 ou non permitan obter co tratamento previsto un produto final que cumpra os criterios indicados no RD 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes ou no Real Decreto 865/2010 de 2 de xullo, sobre substratos de cultivo, polo que previamente á súa aceptación deberán coñecerse as características dos mesmos.

Sétima.- No caso do almacenamento de residuos non perigosos terá que ser por tempo inferior a dous (2) anos ao ser o seu destino a valorización e para residuos perigosos de seis (6) meses.

**c.2) Específicos respecto á actividades de valorización consistente no tratamento de augas residuais na estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización.**

Oitava.- Segregaranse, almacenaranse e introduciranse en batchs diferenciados de tratamento, aquelas augas residuais que polas súas características sexan incompatibles, de acordo ao seu potencial de perigosidade.



Novena.- Información sobre as estacións depuradoras de augas residuais: Aos efectos do establecido no artigo 6 do Real Decreto 1310/1990, de 29 de outubro, Somozas Valorización de Lodos-Biogás, S.L. como titular dunha estación depuradora de augas residuais remitirá á Consellería de Medio Rural e do Mar a información contida no anexo I da Orde AAA/1072/2013, de 7 de xuño, sobre utilización de lodos de depuración no sector agrario, (publicada no BOE número 142 do 14 de xuño de 2013).

Esta información referirase a cada ano natural e remitirase **anualmente** ao organismo indicado antes do 1 de marzo do ano seguinte.

### c.3) Específicos respecto á actividade de compostaxe.

Décima.- En relación cos seguintes códigos LERs solicitados, considerados subprodutos animais, non serán autorizados para a planta de elaboración de compost ata que o titular presente ante este centro directivo certificado emitido pola Consellería de Medio Rural e do Mar no que se conclúa que a planta é un destino autorizado para a recepción de ditos subprodutos animais segundo o *Regulamento CE 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de outubro de 2009 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais) e no RD 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano.*

Denominación Residuo	Código LER
Residuos de tecidos de animais	020102
Feces de animais, urina e esterco (incluída palla podre) e efluentes recollidos selectivamente e tratados fóra do lugar de onde se xeran	020106
Residuos de tecidos animais	020202
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración	020203
Lodos do tratamento in situ de efluentes	020502
Residuos da esgazadura das peles	040101

Décimo primeira.- O produto obtido, adecuarase a dúas modalidades de produto, por una banda a emenda orgánica compost, segundo a denominación e características incluídas na relación de tipos de produtos fertilizantes do Anexo I do Real Decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes, e por outra banda, a substrato de cultivo tipo 1.1 ou compost, segundo a denominación, descrición, especificacións e declaracións obrigatorias e opcionais incluídas na relación de tipos de produtos orgánicos como substratos de cultivo ou compoñentes de substratos de cultivo do Anexo I do Real Decreto 865/2010, de 2 de xullo, sobre substratos de cultivo.

Décimo segunda.- Os anteditos produtos obtidos, non superarán o tempo de almacenamento previsto na normativa que lle sexa de aplicación e en todo caso, transcorridos dous (2) anos dende o almacenamento se non foi comercializado deberán entregarse a xestor autorizado como residuo.

Décimo terceira.- En todo momento o produto obtido, cando se trate de emenda orgánica compost, deberá cumprir as prescricións que sobre fertilizantes se establecen no Real Decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes, así como en cantas disposicións ou instrucións fosen ditadas ou se diten na Administración do Estado e na Administración da Xunta de Galicia en materia medioambiental.

Do mesmo xeito, en todo momento, o produto obtido, cando se trate de substrato de cultivo tipo 1.1 ou compost, deberá cumprir os requisitos relativos ás súas características, envasado e



identificación, posta no mercado, materias primas, medidas de control, e demais prescricións do Decreto 865/2010, de 2 de xullo, sobre substratos de cultivo, así como en cantas disposicións ou instrucións fosen ditadas ou se diten na Administración do Estado e na Administración da Xunta de Galicia en materia medioambiental.

Décimo cuarta.- No caso de que o produto obtido non cumpra coas prescricións esixibles para este, pasará a ter a consideración de residuo e deberá ser entregado a xestor autorizado.

Décimo quinta.- O titular unicamente poderá admitir nas instalacións residuos codificados co LER 200301 (mesturas de residuos municipais) procedentes de empresas produtoras de residuos asimilables a urbanos mesturados. Non poderá admitirse a entrada de residuos procedentes da recollida municipal.

#### c.4) Específicos respecto á elaboración de solos artificiais.

Décimo sexta.- En todo momento deberá cumprir as prescricións relativas a residuos que se establecen na ITR/01/08, do 8 de xaneiro de 2008, referente á elaboración de solos (tecnosolos) derivados de residuos.

Décimo sétima.- Para poder incluír nesta actividade os residuos afectados pola Norma 5 da ITR/01/08 (aqueles indicados con superíndice 2 na listaxe de códigos LER incluídos no anexo VII desta resolución) na que se establece que os residuos deberán ser hixienizados antes de ser empregados na elaboración de tecnosolos polos métodos autorizados e recollidos no documento "Evaluation of sludge treatments for pathogen reduction", publicado pola Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, ese titular deberá desenvolver o proceso de hixienización proposto no documento de título "Solicitud de AAI para instalación de centro de tratamento de residuos en As Somozas (A Coruña). Enero 2012", "Memoria de explotación de planta de compostaxe, Febrero 2015" e "Proyecto Modificado Fase 1 de la Planta de Tratamiento de Residuos en As Somozas (A Coruña), Febrero 2015 consistente nun tratamento termófilo mediante compostaxe na Planta de compostaxe desa instalación.

Décimo oitava.- En relación cos seguintes códigos LERs solicitados, considerados subprodutos animais, non serán autorizados para a planta de elaboración de solos artificiais ata que o titular presente ante este centro directivo certificado emitido pola Consellería de Medio Rural e do Mar no que se conclúa que a planta é un destino autorizado para a recepción de ditos subprodutos animais segundo o *Regulamento CE 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de outubro de 2009 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais) e no RD 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano.*

Denominación Residuo	Código LER
Residuos de tecidos de animais	020102
Feces de animais, urina e esterco (incluída palla podre) e efluentes recollidos selectivamente e tratados fóra do lugar de onde se xeran	020106
Residuos de tecidos animais	020202
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración	020203
Lodos do tratamento in situ de efluentes	020502
Residuos da esgazadura das peles	040101
Residuos de encalado	040102

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.



Décimo novena.- Os residuos admitidos para a fabricación de solos artificiais (tecnosolos) deberán cumprir en xeral as indicacións sobre os criterios e procedementos de admisión de residuos dadas pola ITR/01/08 (no seu apartado 3 e relacionados).

Vixésima.- O laboratorio que levará a cabo as análises esixidas pola ITR/01/08, deberá estar acreditado por unha entidade oficial de acreditación para análise de residuos e solos, para os parámetros químicos e microbiolóxicos que se van analizar, segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Vixésimo primeira.- A cada 4.000 t de tecnosolos elaborados deberán realizárselles os controis indicados no apartado 5 da ITR/01/08 así como as análises periódicas indicadas.

Vixésimo segunda.- O solo reciclado ou tecnosolo, só poderá ser utilizado cando posúa autorización para a aplicación concreta por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas correspondente segundo a localización do enclave onde se vaia a realizar a mesma. Para iso a entrega dos tecnosolos só poderá ser realizada previa presentación por parte do receptor ou cliente do correspondente informe favorable.

Vixésimo terceira.- A efectos de garantir o cumprimento da condición anterior levarase a cabo un rexistro no que consten os seguintes datos: cliente ou receptor, cantidade de tecnosolo entregada, data de entrega, copia do informe favorable para a aplicación e data do mesmo. Dito rexistro deberá estar a disposición da autoridade competente na materia.

Vixésimo cuarta.- A zona destinada para o almacenamento temporal de solo artificial elaborado en espera de expedición a lugar de aplicación deberá contar cunha base non permeable.

Vixésimo quinta.- Altura de almacenamento temporal de solo artificial elaborado en espera de expedición a lugar de aplicación: Limitarase a altura máxima de almacenamento nesta zona a un máximo de catro (4) metros.

Vixésimo sexta.- Encapsulado do solo artificial: Procederase ao encapsulado do solo artificial elaborado en espera de expedición a lugar de aplicación mediante a cubrición deste mediante lámina de PEAD de 0.75 mm que será lastrada con aporte superior de terra vexetal.

Vixésimo sétima.- Ese titular deberá dispor dun sistema de drenaxe das augas de escorrenta dos solos artificiais elaborados en espera de expedición a lugar de aplicación que garanta a correcta evacuación destas augas, para o que desenvolverá un mantemento continuo e activo deste sistema. No caso de detectarse unha non garantía de cumprimento das especificacións da táboa 3, "Valores límite de lixiviación dos tecnosolos fabricados", para as augas de escorrenta xeradas polo solo artificial elaborado en espera de expedición, ese titular deberá proceder á inmediata instalación dun sistema de recollida estanco para estas escorrentas e a súa entrega posterior a xestor autorizado.

Vixésimo oitava.- Analítica ITR e seguimento e control documental: Ese titular realizará control analítico sobre cada lote de produción de solo artificial que sexa remitido á zona de almacenamento temporal, previo a súa expedición a lugar de aplicación, segundo os controis indicados no apartado 5 da ITR/01/08. Procederase a delimitar sobre plano a zona de deposición, con indicación da data de deposición e código de ensaio analítico que lle corresponde a cada lote, copia do cal será remitido mensualmente a esta SXCAA.

Vixésimo novena.- Tempo de almacenamento: Unha vez depositado o solo artificial na zona de almacenamento temporal, previo a súa expedición a lugar de aplicación, o almacenamento de cada



lote non poderá superar os seis (6) meses de almacenamento. Acadado o período de seis (6) meses de almacenamento, ese titular realizará unha análise a cada 4.000 t de solo elaborado coa fin de comprobar a evolución da composición do tecnosolo antes da súa expedición ao lugar de aplicación. Os parámetros que se analizarán neste caso serán: pH, nitróxeno orgánico total, fósforo, potasio, carbono orgánico total, calcio, xofre e aqueles que figuran na táboa 3, "Valores límite de lixiviación dos tecnosolos fabricados", contida dentro da ITR/01/08.

Trixésima.- No caso de non dispor de suficiente capacidade de almacenamento de solo artificial elaborado previo a súa expedición, non se poderá producir a admisión de residuos asociados coa actividade de xestión consistente en elaboración de solos artificiais.

### **5.3. Condicións para a produción de residuos.**

#### **a) Condicións xerais.**

Primeira.- O titular da instalación deberá contar coas inscricións que lle correspondan no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, mantelas actualizadas, e cumprir cos condicionantes recollidos na correspondente resolución de inscrición.

Segunda.- Deberanse cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades inscritas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos. Entre estas:

- A entidade explotadora disporá dun arquivo cronolóxico, físico ou telemático, segundo o establecido no artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Gardarase a información arquivada durante, cando menos, tres (3) anos.
- A efectos de que esta Secretaría Xeral verifique que non se dá algún dos supostos previstos no artigo 25.4 e 25.5 da Lei 22/2011, o titular deberá notificar os traslados de residuos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Realizarase o procedemento de control dos traslados de residuos perigosos e non perigosos, incluídos no ámbito de aplicación do Decreto 174/2005, que se realicen pola vía pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o establecido no Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.
- Cumpriñanse as obrigas que se derivan do disposto nos artigos 31 e seguintes do Real Decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos.
- Os residuos xestionados externamente entregaranse a xestores autorizados. Priorizarase a entrega a xestores que realicen operacións de valorización e que se atopen máis preto á planta. Os traslados dos residuos realizaranse mediante empresas transportistas inscritas no rexistro ao efecto.
- Deberanse cumprir as normas técnicas vixentes relativas ao envasado, etiquetado e almacenamento de residuos perigosos.
- No caso do almacenamento, este terá que ser para residuos non perigosos por tempo inferior a dous (2) anos, se o seu destino é a valorización, un ano se é a eliminación e para residuos perigosos de seis (6) meses.



- Deben cumprirse as esixencias establecidas na lexislación de protección civil (segundo o establecido no artigo 5.2 do Real Decreto 833/1988, do 20 de xullo) e as prescricións técnicas do proxecto da actividade presentadas.

#### **5.4. Información sobre a produción e a xestión dos residuos.**

- Deberase remitir a esta Secretaría Xeral a información que se detalla no apartado 7.2 deste Anexo IV.

#### **6. MEDIDAS A ADOPTAR EN SITUACIÓNS DE FUNCIONAMENTO ANORMAL.**

- Levaranse a cabo todas as medidas necesarias para que quede garantida a protección do medio ambiente e a saúde das persoas ante calquera situación fóra da normalidade en canto ao funcionamento das instalacións.

- De producirse algún incidente ou anomalía no funcionamento da instalación que derive no incumprimento das condicións impostas nesta autorización, o titular deberá comunicar inmediatamente dita situación á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. No caso de persistir, paralizarase a actividade causante da anomalía.

- Unha vez producida a situación de emerxencia, o titular deberá comunicar inmediatamente dita situación á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, ao Concello afectado, a Protección Civil e a Augas de Galicia (neste último caso se o incidente puidese afectar ao Dominio Público). Procederase á determinación inmediata da orixe do problema e a adoptar as medidas correctoras axeitadas para emendar as causas que o motivaron, reducindo ao máximo os efectos sobre o medio ambiente. Se estas anomalías implican riscos para a saúde das persoas ou poden prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais, suspenderase inmediatamente a actividade.

- No prazo máximo de sete (7) días tras a incidencia, o titular deberá remitir ás citadas autoridades un informe detallado acreditando que adoptou as medidas axeitadas para emendar as causas que a motivaron, no que xunto aos datos de identificación deben figurar como mínimo:

- As causas do incidente ou anomalía.
- A hora na que se produciu e a duración do mesmo.
- Características da emisión do vertido, no caso de existir.
- As medidas correctoras adoptadas.
- A hora e forma na que se comunicou o suceso aos distintos organismos.

Todo o anterior sen prexuízo das responsabilidades nas que poida incurrir.

- A instalación contará con sistemas de retención de efluentes en situación de emerxencia ou avarías e fallos na instalación con capacidade suficiente de almacenamento superior aos requirimentos habituais da instalación.

- Ese titular manterá, contemplará e actualizará o seu Plan de seguridade ante emerxencias (PSAE), incluíndo, entre outros aspectos, unha estrutura de intervención, as medidas correctoras e protectoras sobre a calidade das augas (augas residuais pluviais e industriais, subterráneas e medio receptor) e da atmosfera a desenvolver nas súas instalacións, estratexias de actuación e operacións de resposta previstas ante situacións de emerxencia tales como un incendio, mal funcionamento das instalacións de depuración, etc..



## 7. INFORMACIÓN DE SEGUIMIENTO AMBIENTAL.

### 7.1 Cumprimento do E-PRTR.

- Na notificación anual a realizar para a elaboración do rexistro europeo de emisións e transferencia de contaminantes (PRTR), deberán incluírse tódalas substancias do Anexo II do Real Decreto 508/2007 debendo, para as substancias que non se declaren, incluír a xustificación razoada do motivo polo que non se declaran. Ademais do anterior, nesta notificación deberá incluír polo menos:

- Para o caso de *contaminantes medidos*: norma que contén ao método de medida, número de medidas (en caso de mostraxes non continuas) e tódolos parámetros necesarios para obter o valor declarado de carga máxica anual: resultados en masa/volume normalizado e en base seca, horas de funcionamento do foco ou proceso do que proceda, e resultados en kg/ano ou t/ano.
- Para o caso de *contaminantes calculados*: indicaranse as fontes dos métodos de cálculo e factores de emisión aceptados nos ámbitos nacionais e internacionais e representativos do sector industrial, así como os datos do proceso industrial para determinar a carga máxica das instalacións, todo a fin de poder validar os resultados.
- Para o caso de *contaminantes estimados*: indicaranse en que se fundamentan as estimacións non normalizadas, así como cantos datos do proceso industrial deben ser tidos en conta para determinar a carga máxica das emisións.

### 7.2 Informe trimestral e documentación adicional para o cumprimento da autorización ambiental integrada.

- **Trimestralmente**, remitirase á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental un informe de autoavaliación do cumprimento das obrigas de control e seguimento establecidas na autorización, que comprenda, como mínimo os seguintes aspectos:

a) Atmosfera (o control regulamentario de atmosfera realizado durante o ano transcorrido, incluírse no informe do primeiro trimestre do ano seguinte); neste informe avaliaranse polo menos, os seguintes apartados:

- Informe de autodiagnóstico de cumprimento ambiental. Os informes de control deberán estar anexados na plataforma informática REGADE-CAPCA.
- Xustificación de ter notificado as emisións anuais en emisións á atmosfera ao rexistro galego PRTR.
- Valoración do cumprimento dos valores obtidos (informe do control de emisións á atmosfera realizado por organismo de control autorizado (OCA) para o foco desodorización espesamento de lamas), con datos e expresión gráfica dos resultados dende o ano no que se outorgou a autorización por primeira vez. Inclúranse tamén datos e gráficos de caudal de gases en condicións normais e osíxeno en (%V).
- No caso de que se detectase algunha desviación anómala nos valores obtidos, deberánse incluír no informe trimestral unha análise das posibles causas, detalle das medidas correctoras, data de implantación e avaliación da súa efectividade.



b) Nivel de presión sonora (a incluír no informe do trimestre no que se realizara o control de ruído):

- Informe das medicións do nivel de presión sonora, realizadas en cumprimento do establecido no punto 2.3, anexo IV, desta Resolución.
- Declaración do cumprimento dos valores límite establecidos.
- No caso de que os niveis de presión sonora non cumprisen cos valores límite de emisión establecidos ou se detectase algunha desviación anómala nos valores obtidos, deberanse incluír no informe trimestral unha análise das posibles causas, detalle das medidas correctoras que se teñan posto en práctica, data de implantación e avaliación da súa efectividade.

c) Vertidos líquidos:

- Informes de control do vertido líquido que será realizado e certificado por unha "Entidade colaboradora" (art. 255 do Real Decreto 606/2003).
- Declaración do cumprimento dos valores límite establecidos.
- Representación gráfica dos resultados das medicións realizadas, comparándoos cos límites impostos e analizando da súa evolución temporal.
- No caso de que os vertidos non cumprisen cos valores límite establecidos ou se detectase algunha desviación anómala nos valores obtidos, deberanse incluír no informe trimestral unha análise das posibles causas, detalle das medidas correctoras que se teñan posto en práctica, data de implantación e avaliación da súa efectividade.

d) Augas superficiais (a incluír no informe do trimestre no que se realizara o control de augas superficiais):

- Informes de control do medio receptor elaborados polo organismo de control autorizado (OCA).
- Valoración dos resultados obtidos, tendo en conta os valores de calidade das augas establecidos na lexislación ao respecto, ou na que se dite nun futuro.
- No caso de que se tivesen producido superacións dos citados valores de calidade das augas, a entidade explotadora deberá incluír no informe trimestral unha avaliación da influencia do seu vertido na calidade do medio receptor. De ser o caso, deberán ademais indicar as medidas correctoras que se teñan posto en práctica, así como unha avaliación da súa efectividade.

e) Solo e augas subterráneas (a incluír no informe do trimestre no que se realizara o control de solo e augas subterráneas):

- Informes de control do solo e augas subterráneas elaborados polo organismo de control autorizado (OCA).
- Valoración dos resultados obtidos nos controis de augas subterráneas realizados no semestre correspondente.
- No caso de detectarse resultados anómalos, deberase incluír no informe trimestral unha avaliación da influencia da instalación na calidade das augas subterráneas. De ser o caso, deberán ademais indicar detalle das medidas correctoras que se teñan posto en práctica, data de implantación e avaliación da súa efectividade.
- No prazo máximo de 5 anos, a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución:
  - Informe de situación co contido mínimo establecido no artigo 5 do citado Decreto 60/2009.





- Remitirase á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental coa periodicidade indicada, a seguinte documentación adicional para o cumprimento da autorización ambiental integrada:
  - Anualmente o titular deberá presentar unha memoria anual das actividades de xestión (valorización e eliminación), antes do 1 de marzo e segundo o modelo e na forma prevista pola SXCAA.
  - Mensualmente o titular deberá presentar plano no que delimite a zona de deposición de solo artificial elaborado en espera de expedición a lugar de aplicación, con indicación da data de deposición e código de ensaio analítico segundo os controis indicados no apartado 5 da ITR/01/08 que lle corresponde a cada lote.

### **7.3 Formato de presentación da documentación**

- Con carácter xeral, a información de seguimento que se solicita na presente resolución:
  - Deberá ser presentada por un representante legal da instalación ou polo responsable do cumprimento da autorización ambiental integrada.
  - Cada un dos informes de seguimento que se presenten, incluídos os resultados dos controis internos, deberán estar asinados polo/s técnico/s competente/s responsable/s da súa elaboración, e selados polo titular.
  - Todos os documentos estarán correctamente identificados incluíndo, se fose o caso, o número de revisión que corresponda, e indicando sempre a súa data de elaboración.
- No caso dos informes trimestrais a presentar perante esta Secretaría Xeral:
  - Presentarase un (1) documento en formato papel, que deberá ser orixinal, e tres (3) exemplares en formato CD que conteñan esta documentación presentada en papel, en formato “.pdf”.
  - Como os exemplares en CD deben conter a mesma información que o documento en papel, ambos deberán identificarse cos mesmos títulos debendo ser a única diferenza o formato en que se presentan.
  - Os exemplares en CD deberán presentar unha estrutura que permita unha lectura congruente da información, organizada nas correspondentes carpetas e subcarpetas se fose necesario.

### **7.4 Arquivo da información**

- Salvo indicación expresa noutro sentido, os resultados dos controis requiridos nesta autorización serán arquivados na planta e mantidos durante un período mínimo de cinco (5) anos a partir do final do ano de referencia de que se trate, debendo facilitarse á Administración en caso de que esta os requira.

## **8. CONDICIÓNS NO CASO DE CESE DA ACTIVIDADE**

- De producirse o cese da actividade:

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.



- Antes do inicio, ben de calquera acción de adecuación do recinto industrial ou ben do desmantelamento deberá comunicar o cese da actividade, informando da data prevista para o peche.

A citada comunicación deberá vir acompañada dunha memoria na que se especifiquen as actuacións que o titular vai levar a cabo en relación co cese da actividade e cara a evitar calquera risco de contaminación. Esta memoria será obxecto de avaliación por parte desta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, sendo preciso informe favorable para a súa execución.

- De acordo cos requirimentos establecidos da Directiva 2010/75/UE, de 24 de novembro de 2010, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación), realizarase unha caracterización integral da calidade dos solos e das augas subterráneas no emprazamento, que deberá ser aprobado de forma previa pola Administración. De derivarse desta análise que existe un risco para a saúde humana ou o medio ambiente, tomaranse as medidas necesarias destinadas a retirar, controlar, conter ou reducir as substancias perigosas relevantes, para que, tendo en conta o uso actual ou futuro do emprazamento, non se cree dito risco.

## 9. CONDICIÓNIS ADICIONAIS

- A instalación debe contar cun responsable do control do cumprimento do plan de vixilancia incluído nesta autorización e cun responsable técnico da instalación de depuración. No prazo dun mes o representante legal da instalación designará á/s persoa/s responsable/s.
- Os valores límite de emisión recollidos na presente autorización son de aplicación en condicións normais de funcionamento (Directiva 2010/75/UE, de 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación)).
- Previo ao inicio das obras de execución da conducción das augas residuais industriais, fecais e pluviais tratadas na depuradora de augas residuais desa instalación cara ao punto de vertido autorizado por Augas de Galicia, o promotor deberá ter autorización expresa do/s titular/es dos viais polos que discorrerá a antedita conducción, e se é o caso, dos propietarios afectados, sobre a viabilidade do paso desta a través de terreos que non son da súa propiedade.
- A Administración poderá efectuar, cando o estime oportuno, análises de comprobación do funcionamento das instalacións para cotexar que se cumpren as condicións expostas no presente informe.
- Proponse manter unha análise continuada da implantación de MTDs, tanto das aplicables ao sector en cuestión como das aplicables aos procesos auxiliares. Así, calquera modificación na instalación realizarase trala valoración das MTDs aplicables nese momento.
- Salvo indicación expresa noutro sentido ou que se acredite a súa imposibilidade, as tomas de mostras e as análises serán efectuadas por organismo de control acreditado ou entidade homologada, seguindo a metodoloxía establecida en normas EN, UNE-EN, UNE e, en ausencia destas, noutras normas internacionais ou nacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalentes.
- En función dos resultados acadados no plan de vixilancia e control ambiental, esta SXCAA poderá modificar a frecuencia e a relación de parámetros e puntos a controlar.



- A instalación está cuberta polo Plan de Inspección Ambiental de Galicia elaborado en virtude do artigo 23 da Directiva 2010/75/UE, de 24 de novembro de 2010, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación).
- Independentemente das obrigas que estableza a autorización ambiental integrada, o operador ten a obriga de cumprir as premisas establecidas na Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental e no Real Decreto 2090/2008, de 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve parcialmente dita Lei, que establecen un novo réxime xurídico de prevención e reparación de danos, de acordo co cal os operadores que ocasionen danos ao medio ambiente ou ameacen con ocasionalos deben adoptar as medidas necesarias para prever a súa ocorrencia ou, no caso de que o dano xa se producira, para devolver os recursos naturais afectados ao estado no que se encontraba antes do dano. Ademais deberán constituír unha garantía financeira que lles permita afrontar as responsabilidades medioambientais, en materia de prevención, evitación e reparación de danos, derivadas da súa aplicación.
- O cumprimento das condicións da presente autorización non exime ao titular da actividade que se autoriza da posible responsabilidade civil, penal ou administrativa polos danos que poidan causar ao medio natural.

**Anexo V: Valorización de augas residuais mediante tratamento en estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización****Residuos non perigosos de orixe industrial admisibles na estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización, relacionados coa inscrición no RXPXRG nº SC-I-IPPC-XV-00027**

Denominación do residuo	Código LER
Lodos de lavado e limpeza	020101
Lodos de lavado e limpeza 1	020201
Lodos de lavado, limpeza, estonadura, centrifugado e separación	020301
Residuos de conservantes	020302
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración	020304
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración 1	020501
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración	020601
Residuos de conservantes	020602
Residuos de lavado, limpeza e redución mecánica de materias primas	020701
Residuos da destilación de alcohois	020702
Residuos do tratamento químico	020703
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración	020704
Residuos de pintura e verniz distintos dos especificados no código 08 01 11	080112
Lodos de pintura e verniz distintos dos especificados no código 08 01 13	080114
Lodos acuosos que conteñen pintura ou verniz distintos dos especificados no código 08 01 15	080116
Residuos da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz distintos dos especificados no código 08 01 17	080118
Suspensións acuosas que conteñen pintura ou verniz distintos dos especificados no código 08 01 19	080120
Lodos acuosos que conteñen tinta	080307
Residuos líquidos acuosos que conteñen tinta	080308
Residuos de tintas distintos dos especificados no código 08 03 12	080313
Lodos de tinta distintos dos especificados no código 08 03 14	080315
Residuos de adhesivos e seladores distintos dos especificados no código 08 04 09	080410
Lodos de adhesivos e seladores, distintos dos especificados no código 08 04 11	080412
Lodos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores distintos dos especificados no código 08 04 13	080414
Residuos líquidos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores, distintos dos especificados no código 08 04 15	080416
Líquidos acuosos de enxaugadura distintos dos especificados no código 11 01 11	110112
Residuos de desengraxamento distintos dos especificados no código 11 01 13	110114
Residuos orgánicos distintos dos especificados no código 16 03 05	160306
Residuos líquidos acuosos distintos dos especificados no código 16 10 01	161002
Concentrados acuosos distintos dos especificados no código 16 10 03	161004
Licores do tratamento anaerobio de residuos municipais	190603



Denominación do residuo	Código LER
Licores do tratamento anaerobio de residuos animais e vexetais <sup>1</sup>	190605
Lixiviados de vertedoiro distintos dos especificados no código 19 07 02	190703
Mesturas de graxas e aceites procedentes da separación de auga/substancias aceitosas, que só conteñen aceites e graxas <sup>1</sup>	190809
Lodos do tratamento in situ de efluentes, distintos dos especificados no código 19 11 05	191106

<sup>1</sup> Salvo o disposto no Regulamento CE 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de outubro de 2009 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais) e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais) e no RD 1528/2012, do 8 de novembro, así como na condición quinta do apartado c.1) do anexo IV desta resolución, no que se recollen as condicións xerais respecto á xestión de residuos mediante valorización.

**Residuos perigosos admisibles na estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización e motor de coxeración, relacionados coa inscrición no RXPXRG nº SC-RP-IPPC-XV-00018**


Denominación do residuo	Código LER
Residuos agroquímicos que conteñen substancias perigosas	020108*
Residuos de desengraxamento que conteñen disolventes sen fase líquida	040103*
Residuos do acabado que conteñen disolventes orgánicos	040214*
Colorantes e pigmentos que conteñen substancias perigosas	040216*
Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas	040219*
Ácido sulfúrico e ácido sulfuroso	060101*
Ácido clorhídrico	060102*
Ácido fluorhídrico	060103*
Ácido fosfórico e ácido fosforoso	060104*
Ácido nítrico e ácido nitroso	060105*
Outros ácidos	060106*
Hidróxido cálcico	060201*
Hidróxido amónico	060203*
Hidróxido potásico e hidróxido sódico	060204*
Outras bases	060205*
Solucións e ácidos, por exemplo, ácido de contacto	060704*
Residuos que conteñen substancias perigosas	061002*
Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	070101*
Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados	070103*
Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos	070104*
Residuos de reacción e de destilación haloxenados	070107*
Outros residuos de reacción e de destilación	070108*
Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	070201*
Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados	070203*
Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos	070204*



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Denominación do residuo	Código LER
Residuos de reacción e de destilación haloxenados	070207*
Outros residuos de reacción e de destilación	070208*
Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	070301*
Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados	070303*
Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos	070304*
Residuos de reacción e de destilación haloxenados	070307*
Outros residuos de reacción e de destilación	070308*
Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	070401*
Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados	070403*
Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos	070404*
Residuos de reacción e de destilación haloxenados	070407*
Outros residuos de reacción e de destilación	070408*
Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	070501*
Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados	070503*
Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos	070504*
Residuos de reacción e de destilación haloxenados	070507*
Outros residuos de reacción e de destilación	070508*
Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	070601*
Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados	070603*
Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos	070604*
Residuos de reacción e de destilación haloxenados	070607*
Outros residuos de reacción e de destilación	070608*
Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	070701*
Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados	070703*
Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos	070704*
Residuos de reacción e de destilación haloxenados	070707*
Outros residuos de reacción e de destilación	070708*
Residuos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	080111*
Lodos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	080113*
Lodos acuosos que conteñen pintura ou verniz con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	080115*
Residuos da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	080117*
Suspensións acuosas que conteñen pintura ou verniz con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	080119*
Residuos de decapantes ou desvernizadores	080121*
Residuos de tintas que conteñen substancias perigosas	080312*
Lodos de tinta que conteñen substancias perigosas	080314*
Residuos de solucións corrosivas	080316*
Residuos de adhesivos e seladores que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	080409*

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.

Páxina 62





Denominación do residuo	Código LER
Lodos de adhesivos e seladores que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	080411*
Lodos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	080413*
Residuos líquidos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	080415*
Aceite de resina	080417*
Líquidos acuosos de enxaugadura que conteñen substancias perigosas	110111*
Residuos de desengraxamento que conteñen substancias perigosas	110113*
Líquidos acuosos de limpeza	120301*
Residuos de desengraxamento ó vapor	120302*
Aceites de sentinas procedentes da navegación en augas continentais	130401*
Aceites de sentinas recollidos en peiraos	130402*
Aceites de sentinas procedentes doutros tipos de navegación	130403*
Residuos líquidos acuosos que conteñen substancias perigosas	161001*
Concentrados acuosos que conteñen substancias perigosas	161003*
Lixiviados de vertedoiro que conteñen substancias perigosas	190702*

**Residuos non perigosos de orixe urbana admisibles na estación depuradora de augas residuais con módulo de biometanización e motor de coxeración, relacionados coa inscrición no RXPXRG nº SC-U-IPPC-XV-00023**

Denominación do residuo	Código LER
Residuos biodegradables de cociñas e restaurantes	200108
Aceites e graxas comestibles	200125
Lodos de fosas sépticas	200304
Residuos da limpeza de sumidoiros	200306



**Anexo VI: Valorización na Planta de compostaxe mediante a elaboración de compost**

**Residuos non perigosos de orixe industrial admisibles na Planta de compostaxe para a elaboración de compost, relacionados coa inscrición no RXPXRG nº SC-I-IPPC-XV-00030**

Denominación do residuo	Código LER
Lodos de lavado e limpeza	020101
Residuos de tecidos de vexetais	020103
Residuos da silvicultura	020107
Lodos de lavado e limpeza 1	020201
Lodos do tratamento in situ de efluentes 1	020204
Lodos de lavado, limpeza, estonadura, centrifugado e separación	020301
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración	020304
Lodos do tratamento in situ de efluentes	020305
Lodos do tratamentos in situ de efluentes	020403
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración 1	020501
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración	020601
Lodos do tratamento in situ de efluentes	020603
Residuos de lavado, limpeza e redución mecánica de materias primas	020701
Residuos da destilación de alcohois	020702
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración	020704
Lodos do tratamento in situ de efluentes	020705
Residuos de casca e cortiza	030101
Serraduras, labras, retringos, madeira, taboleiros de partículas e chapas distintos dos mencionados no código 03 01 04	030105
Residuos de casca e madeira	030301
Lodos de lixivias verdes (procedentes da recuperación de lixivias de cocción)	030302
Residuos procedentes da clasificación de papel e cartón destinados á reciclaxe	030308
Refugallos de fibras e lodos de fibras, de materiais de carga e de estucado, obtidos por separación mecánica	030310
Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 03 03 10	030311
Lodos, en particular os procedentes do tratamento in situ de efluentes, que non conteñen cromo	040107
Materia orgánica de produtos naturais (por exemplo graxa, cera)	040210
Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos mencionados no código 04 02 19	040220
Residuos de fibras téxtiles non procesadas	040221
Fracción non compostada de residuos municipais e asimilados	190501
Fracción no compostada de residuos de procedencia animal ou vexetal 1	190502
Licores do tratamento anaerobio de residuos municipais	190603
Lodos de dixestión do tratamento anaerobio de residuos municipais	190604
Licores do tratamento anaerobio de residuos animais e vexetais 1	190605
Lodos de dixestión do tratamento anaerobio de residuos animais e vexetais 1	190606
Lodos do tratamento de augas residuais urbanas	190805
Lodos procedentes do tratamento biolóxico de augas residuais industriais, distintos dos	190812





Denominación do residuo	Código LER
especificados no código 19 08 11 <sup>1</sup>	
Lodos procedentes doutros tratamentos de augas residuais industriais, distintos dos especificados no código 19 08 13 <sup>1</sup>	190814

<sup>1</sup> Salvo o disposto no Regulamento CE 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de outubro de 2009 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais) e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais) e no RD 1528/2012, do 8 de novembro, así como na condición quinta do apartado c.1) do anexo IV desta resolución, no que se recollen as condicións xerais respecto á xestión de residuos mediante valorización.

**Residuos non perigosos de orixe urbana admisibles na Planta de compostaxe para a elaboración de compost, relacionados coa inscrición no RXPXRG nº SC-U-IPPC-XV-00025**

Denominación do residuo	Código LER
Residuos biodegradables de cociñas e restaurantes	200108
Aceites e graxas comestibles	200125
Madeira distinta da especificada no código 20 01 37	200138
Residuos biodegradables	200201
Mesturas de residuos municipais	200301
Residuos de mercados	200302
Lodos de fosas sépticas	200304

**Anexo VII: Valorización na Planta de compostaxe mediante a elaboración de solos artificiais****Residuos non perigosos de orixe industrial admisibles na Planta de compostaxe para a elaboración de solos artificiais, relacionados coa inscrición no RXPXRG nº SC-I-IPPC-XV-00031**


Denominación Residuo	Código LER
Residuos da extracción de minerais metálicos	010101
Residuos da extracción de minerais non metálicos	010102
Estériles distintos dos mencionados nos códigos 01 03 04 e 01 03 05	010306
Residuos de po e area fina distintos dos mencionados no código 01 03 07	010308
Lodos vermellos da produción de alúmina distintos dos mencionados no código 01 03 07	010309
Residuos da corta e serradura de pedra distintos dos mencionados no código LER 010407 e que non conteñan substancias perigosas	010413
Residuos de grava e rochas trituradas distintos dos mencionados no código 01 04 07	010408
Residuos de area e arxilas	010409
Residuos de po e area fina distintos dos mencionados no código 01 04 07	010410
Residuos da transformación de potasa e sal xema distintos dos mencionados no código 01 04 07	010411
Estériles e outros residuos do lavado e limpeza de minerais distintos dos mencionados no código 01 04 07 e 01 04 11	010412
Lodos e residuos de perforacións que conteñen auga doce	010504
Lodos de lavado e limpeza 2	020101
Residuos de tecidos vexetais	020103
Residuos da silvicultura	020107
Lodos de lavado e limpeza 1/2	020201
Lodos do tratamento in situ de efluentes 1/2	020204
Lodos de lavado, limpeza, estonadura, centrifugado e separación	020301
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración 2	020304
Lodos do tratamento in situ de efluentes 2	020305
Terra procedente da limpeza e lavado da remolacha	020401
Carbonato cálcico fóra de especificación	020402
Lodos do tratamentos in situ de efluentes	020403
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración 1/2	020501
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración 2	020601
Lodos do tratamento in situ de efluentes 2	020603
Residuos de lavado, limpeza e redución mecánica de materias primas	020701
Residuos da destilación de alcohois	020702
Residuos do tratamento químico	020703
Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración	020704
Lodos do tratamento in situ de efluentes	020705
Residuos de casca e cortiza	030101
Serraduras, labras, retrincos, madeira, taboleiros de partículas e chapas distintos dos mencionados no código 03 01 04	030105
Residuos de casca e madeira	030301



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Denominación Residuo	Código LER
Lodos de lixivias verdes (procedentes da recuperación de lixivias de cocción)	030302
Lodos de destinxidura procedentes da reciclaxe de papel	030305
Refugallos, separados mecanicamente, de pasta elaborada a partir de residuos de papel e cartón	030307
Residuos procedentes da clasificación de papel e cartón destinados á reciclaxe	030308
Residuos de lodos calcáreos	030309
Refugallos de fibras e lodos de fibras, de materiais de carga e de estucado, obtidos por separación mecánica	030310
Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 03 03 10	030311
Residuos líquidos de curtume que non conteñen cromo	040105
Lodos, en particular os procedentes do tratamento in situ de efluentes, que non conteñen cromo	040107
Materia orgánica de produtos naturais (por exemplo graxa, cera)	040210
Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos mencionados no código 04 02 19	040220
Residuos de fibras téxtiles non procesadas	040221
Residuos de fibras téxtiles procesadas	040222
Residuos que conteñen xofre	050702
Escouras de fósforo	060902
Residuos cálcicos de reacción procedentes da produción de dióxido de titanio	061101
Residuos en forma de po de revestimentos	080201
Lodos acuosos que conteñen materiais cerámicos	080202
Suspensións acuosas que conteñen materiais cerámicos	080203
Cinzas de lareira, escouras e po de caldeira (excepto o po de caldeira especificado no código 10 01 04)	100101
Cinzas voantes de carbón	100102
Cinzas voantes de turba e de madeira (non tratada)	100103
Residuos cálcicos de reacción, en forma sólida, procedentes da desulfuración de gases de combustión	100105
Residuos cálcicos de reacción, en forma de lodos, procedentes da desulfuración de gases de combustión	100107
Cinzas de lareira, escouras e po de caldeira procedentes da coíncineración, distintos dos especificados no código 10 01 14	100115
Cinzas voantes procedentes da coíncineración distintas das especificadas no código 10 01 16	100117
Residuos procedentes da depuración de gases, distintos dos especificados nos códigos 10 01 05, 10 01 07 e 10 01 18	100119
Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 10 01 20	100121
Areas de leitos fluidificados	100124
Residuos do tratamento de escouras	100201
Escouras non tratadas	100202
Escamas de laminación	100210
Outros lodos e tortas de filtración	100215
Residuos de alumina	100305
Partículas e po	100804
Outras escouras	100809
Escouras de forno	100903

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.






# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Denominación Residuo	Código LER
Machos e moldes de fundición sen coada distintos dos especificados no código 10 09 05	100906
Machos e moldes de fundición con coada distintos dos especificados no código 10 09 07	100908
Outras partículas distintas das especificadas no código 10 09 11	100912
Ligantes residuais distintos dos especificados no código 10 09 13	100914
Residuos de axentes indicadores de fisuración distintos dos especificados no código 10 09 15	100916
Escouras de forno	101003
Residuos da preparación de mesturas antes do proceso de cocción	101201
Partículas e po	101203
Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases	101205
Moldes fóra de uso	101206
Residuos de cerámica, ladrillos, tellas e materiais de construción (despois do procesos de cocción)	101208
Residuos da preparación de mesturas antes do proceso de cocción	101301
Residuos de calcinación e hidratación do cal	101304
Partículas e po (excepto os códigos 10 13 12 e 10 13 13)	101306
Residuos sólidos do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 13 12	101313
Residuos de formigón e lodos de formigón	101314
Limaduras e labras de metais férreos	120101
Po e partículas de metais férreos	120102
Envases de madeira	150103
Formigón	170101
Ladrillos	170102
Tellas e materiais cerámicos	170103
Mesturas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos, distintas das especificadas no código 17 01 06	170107
Madeira	170201
Terra e pedras distintas das especificadas no código 17 05 03	170504
Lodos de drenaxe distintos dos especificados no código 17 05 05	170506
Residuos mesturados de construción e demolición distintos dos especificados nos códigos 17 09 01, 17 09 02 e 17 09 03	170904
Materiais férreos separados da cinza de fondo de forno	190102
Residuos líquidos acuosos do tempero de residuos vitrificados	190404
Fracción non compostada de residuos municipais e asimilados 2	190501
Fracción non compostada de residuos de procedencia animal ou vexetal 1 / 2	190502
Compost fóra de especificación 2	190503
Licores do tratamento anaerobio de residuos municipais	190603
Lodos de dixestión do tratamento anaerobio de residuos municipais	190604
Licores do tratamento anaerobio de residuos animais e vexetais 1	190605
Lodos de dixestión do tratamento anaerobio de residuos animais e vexetais 1	190606
Residuos de desareamento 1 / 2	190802
Lodos do tratamento de augas residuais urbanas 2	190805
Mesturas de graxas e aceites procedentes da separación de auga/substancias aceitosas, que só conteñen aceites e graxas 1 / 2	190809

Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.





Denominación Residuo	Código LER
Lodos procedentes do tratamento biolóxico de augas residuais industriais, distintos dos especificados no código 19 08 11 <sup>1/2</sup>	190812
Lodos procedentes doutros tratamentos de augas residuais industriais, distintos dos especificados no código 19 08 13 <sup>1/2</sup>	190814
Lodos da clarificación do auga	190902
Lodos de descarbonatación	190903
Residuos sólidos da recuperación de solos, distintos dos especificados no código 19 13 01	191302
Lodos da recuperación de solos, distintos dos especificados no código 19 13 03	191304
Lodos da recuperación de augas subterráneas, distintos dos especificados no código 19 13 05	191306
Residuos de líquidos acuosos e concentrados acuosos procedentes da recuperación de augas subterráneas, distintos dos especificados no código 19 13 07	191308

<sup>1</sup> Salvo o disposto no Regulamento CE 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de outubro de 2009 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais) e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais) e no RD 1528/2012, do 8 de novembro, así como na condición quinta do apartado c.1) do anexo IV desta resolución, no que se recollen as condicións xerais respecto á xestión de residuos mediante valorización.

<sup>2</sup> Salvo o disposto na condición décimo sétima do apartado c.4) do anexo IV desta resolución, no que se recollen as condicións específicas respecto da elaboración de solos artificiais.

### **Residuos non perigosos de orixe urbana admisibles na Planta de compostaxe para a elaboración de solos artificiais, relacionados coa inscrición no RXPXRG nº SC-U-IPPC-XV-000120**

Denominación Residuo	Código LER
Papel e cartón	200101
Residuos biodegradables de cociñas e restaurantes <sup>2</sup>	200108
Aceites e graxas comestibles	200125
Madeira distinta da especificada no código 20 01 37	200138
Residuos biodegradables <sup>2</sup>	200201
Terra e pedras	200202
Residuos de mercados <sup>2</sup>	200302
Lodos de fosas sépticas <sup>2</sup>	200304

<sup>2</sup> Salvo o disposto na condición décimo sétima do apartado c.4) do anexo IV desta resolución, no que se recollen as condicións específicas respecto da elaboración de solos artificiais.



Anexo VIII: Planos en planta do Centro de tratamento de residuos



Modificación da autorización ambiental integrada:  
modificación substancial do centro de tratamento de residuos en As Somozas (Co).  
Titular SOLOGAS, SL. Nº de rexistro AAI 2012-IPPC-35-260.  
Páxina 70

